

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- 331 vivendas con axudas para recuperar inmobles e edificios propiedade municipal.
- 125 vivendas adquiridas á SAREB

En primeiro lugar chama a atención que se computen como novo parque de vivenda pública modalidades como as vivendas promovidas por promotores privados, xa que estas non formarán parte do parque público de vivenda. Pero sen dúbida o máis rechamante é que o goberno prometa para 2026, é dicir, para a vindeira lexislatura o que non fixo nesta, na que si goberna.

É patente a inacción do goberno nesta materia, tanto nos últimos 14 anos nos que o PP gobernou, como nesta lexislatura. A mellor mostra é o feito de que esta estratexia se presente dous anos despois da aprobación do plan de vivenda para o período 2021-2025, establecendo obxectivos concretos para a seguinte lexislatura e unha vez finalizado o período de vixencia do plan.

A credibilidade do goberno galego en materia de vivenda pública é nula, xa que o partido que o sustenta prometeu no seu programa electoral de 2016 rehabilitar 1.500 vivendas co programa Rexurbe, incluso se comprometeron a chegar ás 3.000 vivendas rehabilitadas no programa de 2020, e no último informe publicado polo IGVS apenas había 10 inmobles rehabilitados.

A credibilidade deste anuncio está en entredito cando o goberno galego falsea a conta de resultados do anterior plan de vivenda inflando e falseando o número de novas vivendas de promoción pública creadas durante o período 2015-2020.

Os datos oficiais facilitados polo Observatorio estatal da vivenda indican que o número de novas vivendas de promoción pública creadas no ano 2014 foi de 0, 0 novamente en 2015, 0 en 2016, 0 en 2017 e 1 en 2018. Non se dispón de datos máis actualizados porque o goberno galego non os fai públicos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tampouco convida a crer que o anuncio das 1.800 vivendas sexa veraz, o feito de que non haxa orzamento suficiente para acadar este obxectivo. Ademais, o pouco orzamento que hai, nin tan sequera se executa. Resulta dificilmente crible que cun ritmo de investimento real como o de 2021, con apenas 4M€ executados para a promoción de vivenda pública se consigan os resultados anunciados. Tendo en conta todos estes aspectos, o anuncio do Consello da Xunta parece responder a outro novo anuncio propagandístico do PP que non se vai materializar.

Mentres tanto hai 16.000 persoas inscritas no rexistro de Demandantes de Vivenda agardando por unha vivenda pública. Estas miles de persoas que agardan por vivenda pública durante anos e anos no Rexistro de Demandantes de vivenda non precisan falsa propaganda que elección tras elección incumpre o PP, precisan compromisos concretos.

Por iso dende o BNG esiximos que esta estratexia, que xa tiña que estar deseñada dende o 2021, se concrete por anualidades, de forma que o goberno galego se comprometa xa para este 2023 a acadar resultados. Igualmente o goberno galego debera render contas ao respecto da creación de vivenda pública nos últimos anos facendo pública a información da que dispón.

O grupo nacionalista considera, ademais, que a estratexia para o incremento da vivenda pública debera ser máis ampla e ambiciosa. O noso país sitúase moi por baixo da media estatal na proporción de vivenda de promoción pública respecto ao total, con menos dun 0,4%, fronte ao case 1% do Estado. Estas cifras sitúannos á cola a nivel europeo nesta materia. A estratexia para a promoción de vivenda pública debera marcarse obxectivos máis ambiciosos e cunha estratexia máis ampla e detallada que nos permita acadar, alomenos, o 5% de vivenda pública.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

- Facer público o documento da Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida.
- Facer públicos os datos da nova vivenda incorporada ao parque público de vivenda de Galiza nas anualidades de 2019, 2020, 2021 e 2022 e de forma desglosada por programas.
- Establecer compromisos concretos por anualidades e por programas para o desenvolvemento da Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida.
- Definir os investimentos necesarios por anualidade para acadar os obxectivos previstos.
- Publicar un informe anual de seguimento e cumprimento dos compromisos adquiridos.
- Deseñar unha estratexia máis ampla e ambiciosa para o incremento do parque de vivenda pública que permita acadar, polo menos, o 5% do parque de vivenda pública, aumentando para iso as modalidades de actuación e o investimento nesta materia.”

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 10/04/2023 09:50:19

Xosé Luis Bará Torres na data 10/04/2023 09:50:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputados **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, sobre o recoñecemento das enfermidades profesionais das mariscadoras e redeiras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de décadas loitando, as asociación de mariscadoras e redeiras lograron no ano 2018 que se identificase, por primeira vez, o síndrome do túnel carpiano como unha doenza derivada do seu traballo.

A finais do ano 2019, a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social recoñeceu outras seis como doenzas propias destas profesionais do mar, provocadas polo desenvolvemento da súa actividade.

Malia isto, existen aínda enfermidades moi recorrentes neste sector que continúan sen serlle recoñecidas e que son propias do seu traballo e das condicións nas que o desenvolven: Artrose, artrite, dores de costas, trastornos músculo-esqueléticos na columna, infeccións de urina, etc.

Despois de máis de tres anos do recoñecemento daquelas seis doenzas, as traballadoras do sector marisqueiro aínda seguen a reclamar a súa identificación como profesionais por todo o persoal facultativo, cos inconvenientes e prexuizos que disto se deriva, tanto para a súa saúde, para o seu tratamento e tamén a nivel económico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a

- Coa colaboración e coordinación das Consellerías de Mar, Sanidade e de Promoción de Emprego e Igualdade, trasladar ao persoal facultativo do Sergas e das mutuas de traballo a relación de enfermidades que están recoñecidas como profesionais no sector do mar e a máxima importancia de tratalas como tales.

- Instar ao Goberno do Estado a comezar, á maior brevidade posíbel, as accións necesarias para dar cumprimento ao recollido na Lei 5/2023, de Pesca Sostíbel e Investigación Pesqueira, no referido á elaboración dun catálogo de enfermidades profesionais das persoas traballadoras do mar.

- Levar a cabo unha campaña de información entre os traballadores e traballadoras do mar a respecto das enfermidades do sector recoñecidas como profesionais e dos beneficios que supón a súa identificación.”

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As asociacións de mulleres do mar calculan que o 90% das enfermidades profesionais deste colectivo son catalogadas como comúns, cando o 80% son derivadas do seu traballo.

Por outra banda, a recentemente aprobada Lei 5/2023, de Pesca Sostíbel e Investigación Pesqueira, recolle na súa Disposición Final Segunda a modificación da Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro e introduce na mesma unha Disposición Adicional Sétima-Elaboración dun catálogo de enfermidades profesionais, que recolle que “O Ministerio competente elaborará un Catálogo de Enfermidades Profesionais propias dos e das traballadoras do mar, atendendo de xeito específico ás condicións de penosidade e exposición a axentes físicos que sofren as persoas que se adican á recollida do marisco, tanto a pé como a frote, ao cultivo do mexillón en batea, á recollida de percebes na rocha, así como os mergulladores en apnea para a recolección de recursos específicos”.

Sen dúbida, este catálogo traerá aspectos moi positivos para avanzar na profesionalización e na dignificación das condicións sociolaborais que moitas traballadoras e traballadores do mar levan anos agardando e que, só no sector marisqueiro, abranguen en Galiza a preto de 4.000 persoas, a gran maioría delas mulleres. Deste total, o 65% teñen máis de 40 anos e o 32% entre 50 e 60 anos.

Un sector, pois, especialmente avellentado que require que as doenzas que xa están recoñecidas como profesionais se identifiquen como tais en todos os casos e que os pasos dados para que se leve a cabo un catálogo de enfermidades profesionais se efectiven canto antes.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 10/04/2023 11:02:21

Carmela González Iglesias na data 10/04/2023 11:02:35

Daniel Castro García na data 10/04/2023 11:02:49

Ana Pontón Mondelo na data 10/04/2023 11:02:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmela González Iglesias, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre o cumprimento da obrigatoriedade das empresas de ter implantado un plan de igualdade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As mulleres na Galiza sofren condicións de traballo máis precarias, soportan taxas de temporalidade máis , máis contratos a tempo parcial e un maior desemprego.

Esta situación indica que queda moito camiño por andar para acadar a igualdade laboral das mulleres, polo que é preciso legislar e tomar medidas que axilicen este proceso e que permitan que mulleres e homes traballan en igualdade de condicións.

Máis a lexislación, sendo unha ferramenta necesaria, non é suficiente; é preciso que a lei se cumpra. Polo que os organismos e administracións que deben velar polo cumprimento da norma teñen a obriga de facela cumprir.

No eido laboral os plans de igualdade son unha ferramenta necesaria para acadar a igualdade laboral de mulleres e homes. As empresas de máis de 50 persoas traballadoras están obrigadas a implantar un plan de igualdade ou a adaptar o que xa tiñan antes do 7 de marzo de 2022, data que recollía o Real Decreto Lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para garantir a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes no emprego e na ocupación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A data de hoxe, un ano despois, moitas empresas galegas obrigadas a contar co plan de igualdade seguen sen telo implementado, polo que están a incumprir a lei.

Os plans de igualdade no emprego e na ocupación teñen como misión garantir a igualdade de trato e oportunidades para as mulleres nas empresas, así como a eliminación de situacións de discriminación por razóns de sexo.

Por isto é fundamental, e urxente, que todas as empresas obrigadas por lei a contar con un plan de igualdade cumpran a norma, e na Galiza é función da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia facer cumprir a lei e velar porque todas as empresas de máis de 50 persoas empregadas contén con un plan de igualdade. Só desta maneira o Goberno galego poderá garantir os dereitos laborais das mulleres na Galiza

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a facer cumprir o Real Decreto Lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para garantir a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes no emprego e na ocupación, polo que as empresas con máis de 50 persoas empregadas teñen que contar con un plan de igualdade rexistrado.”

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2023

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 10/04/2023 13:58:24

Ramón Fernández Alfonso na data 10/04/2023 13:58:34

Daniel Pérez López na data 10/04/2023 13:58:47

Noa Presas Bergantiños na data 10/04/2023 13:59:08

Olalla Rodil Fernández na data 10/04/2023 13:59:17



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **Patricia Otero Rodríguez** e do seu deputado, **Julio Torrado Quintela**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte de **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8ª**.

As confrarías de pescadores son o elemento fundamental de organización do sector pesqueiro nos pobos galegos, e teñen a responsabilidade de xestionar o interese común do sector pesqueiro, marisqueiro e extractivo do mar. As súas decisións teñen un profundo calado no sector que vive do mar, e recae sobre estas directivas unha enorme responsabilidade na xestión dun sector moi profesionalizado e, tamén, de profundo carácter técnico e específico de cada ámbito de traballo.

Esta especialización dos procesos e as normativas, xunto á complexa distribución competencial que afecta ao sector (local, autonómico, estatal e europeo) aumenta a dificultade para o traballo das direccións das confrarías que, na súa inmensa maioría, corresponde a profesionais do mar que compaxinan este labor con parte do seu traballo.

Esta situación provoca que as confrarías teñan entre as súas decisións a contratación de labores de asesoramento e apoio técnico, no plano xurídico e económico, a través de distintos formatos pero que todos permiten ás direccións das confrarías estar asistidos e informados con precisión sobre o entramado legal e normativo acerca do que traballan, en beneficio do conxunto do sector do mar que xestionan.

Nos últimos días do mes de marzo a confraría de Cambados vén de recibir unha comunicación, que por extensión podería implicar a todas as confrarías de Galicia, que alertaba sobre esta situación natural, normal e comunmente utilizada de apoiarse en especialistas técnicos (económicos e/ou xurídicos) e advertía que a presenza de asesores legais nas xuntanzas das xuntas xerais das confrarías non debía ser permitida.

Esta anómala notificación, chegada agora despois de que este escenario poida terse dado durante moito tempo en diversas confrarías galegas, implica un cambio de interpretación da normativa que só vai en detrimento da calidade das decisións que, segundo o criterio da Consellería do Mar, deberanse tomar sen asesoramento legal e sen certeza ou seguridade de estar ben encamiñadas. O desamparo ao que se condenan ás confrarías é a todas luces unha inxustiza para coa súa labor, impedíndolles exercer o seu traballo coas mellores posibilidades e as mellores certezas, e evidénciase ilóxica se o comparamos con outros eidos públicos como os plenos municipais ou das



distintas cámaras parlamentarias que contan coa presenza de persoal xurídico que fai labores de asesoramento e atención ante as posibles decisións.

A anómala advertencia e cambio de criterio da Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, que podería estenderse ao conxunto das confrarías galegas, pode involucrar graves problemas ás propias persoas que toman as decisións e que, conforme á normativa vixente, son responsables legais e incluso económicos das decisións que se tomen e que poidan incorrer en problemas legais.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno de Galicia a garantir de maneira expresa, modificando a normativa se así o considera agora preciso, a asistencia técnica legal ou de calquera tipo que as direccións das confrarías consideren necesarias para a toma de decisións nas xuntanzas e sexa permitida a súa presenza nos espazos onde sexa necesario.

Parlamento de Galicia, 11 de abril de 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 11/04/2023 12:21:28

Julio Torrado Quintela na data 11/04/2023 12:21:42

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/04/2023 12:21:55



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Carmen Rodríguez Dacosta e Gonzalo Caballero Míguez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición no de lei** para o seu debate na **Comisión 3ª**.

Durante os catorce anos de goberno ininterrompido do Partido Popular na Xunta de Galicia a mellora da situación do mercado laboral nunca foi unha prioridade, caracterizándose por un escaso dinamismo e un alto índice de precariedade, inestabilidade, perda de dereitos e un alarmante incremento da fenda xeracional, sendo a crise económica de 2008 e a reforma laboral posta en marcha polo PP as causas con maior peso desta situación. O Goberno galego no canto de empregar a súa competencia e os recursos públicos de maneira eficiente para loitar contra esta situación dedicouse ao *marketing* propagandístico redundando nos mesmos erros.

A creación de emprego estable e de calidade supón un elemento fundamental no desenvolvemento e avance da economía, sendo o pilar clave no benestar dunha sociedade que permite o crecemento da cidadanía e impulse a actividade económica a todos os niveis. En tan só un ano e medio, España logrou recuperar os niveis de afiliación á Seguridade Social previos á pandemia, creándose emprego en todos os sectores económicos.

A reforma laboral acadada entre o Goberno do Estado e os axentes sociais estase mostrando como a mellor ferramenta para consolidar un marco de creación de emprego estable e de calidade, que incentiva a contratación indefinida fronte á temporalidade, reduce o número de tipos de contratos e



limita a contratación temporal a un máximo de tres meses por ano, fomentando o contrato fixo discontinuo. Así mesmo, o novo marco laboral recupera a negociación colectiva situándoa no corazón do novo modelo de relacións laborais, aumentando os dereitos dos empregados e recuperando a ultraactividade indefinida, ao tempo que se incrementan as sancións por contratación irregular e se impulsa a formación dos traballadores e traballadoras. E partindo da boa experiencia que deron os ERTE ao longo da crise económica durante a pandemia, súmase a regulación dun novo instrumento, o Mecanismo RED de Flexibilidade e Estabilización do Emprego como alternativa o despedimento, como forma de flexibilidade interna das empresas e impídense os ERE nas administracións públicas.

En definitiva, créase un marco laboral que permite reducir a temporalidade, reforzar a creación de emprego de calidade e dar seguridade xurídica ás empresas ao mesmo tempo que se cumpre co compromiso adquirido coa Comisión Europea para lograr o seu aval e percibir os fondos europeos.

Recentemente o Goberno remitiu aos grupos parlamentarios a execución dos créditos orzamentarios correspondentes ao exercicio 2022 e, ao igual que en exercicios anteriores, os socialistas puidemos comprobar como novamente o Programa 32. Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo é dos que peor execución orzamentaria presenta, un 56,5 % de execución sobre os créditos iniciais, quedando partidas como 322A-Fomento da empregabilidade nun 41,2 % ou nas partidas 323A e 323B que só acadaron o 43 % e 45,9 % respectivamente.

O actual Goberno da Xunta de Galicia nesta lexislatura deixou sen executar o 55 % dos fondos de formación para parados, o 78 % dos fondos de formación para ocupados e o 53 % dos fondos destinados á mellora da empregabilidade, deixando en consecuencia sen instrumentos de adaptación ás necesidades actuais tanto ás persoas paradas como ocupadas.



Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

1º) Elaborar un plan de emprego para Galicia contando con todos os actores implicados: sindicatos, concellos, deputacións e asociacións empresariais que teña en conta a inserción laboral, fundamentalmente, dos colectivos con maiores problemas de inserción, a adaptación da formación para persoas desempregadas segundo as necesidades do noso tecido produtivo a formación sobre o emprego autónomo e medidas de apoio as persoas asalariadas que están nos ERTE ou acollidas a algunha das axudas do Estado para as persoas autónomas. O plan debe contar con medidas concretas e medibles co fin de poder implementalo no segundo semestre de 2023.

2º) Adoptar as medidas necesarias para executar a totalidade dos recursos destinados a favorecer a inserción laboral de calidade na nosa comunidade autónoma neste exercicio 2023.

Parlamento de Galicia, 11 de abril de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/04/2023 13:40:23

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/04/2023 13:40:38





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2023 13:50:31
Nº Rexistro: 52666
Data envío: 12/04/2023 13:50:31.000

Gonzalo Caballero Míguez na data 12/04/2023 13:40:51

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/04/2023 13:41:07

CSV: BOPGDSPG-otArsgZM6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
189943

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

Durante os catorce anos de goberno ininterrompido do Partido Popular na Xunta de Galicia a mellora da situación do mercado laboral nunca foi unha prioridade, caracterizándose por un escaso dinamismo e un alto índice de precariedade, inestabilidade, perda de dereitos e un alarmante incremento da fenda xeracional, sendo a crise económica de 2008 e a reforma laboral posta en marcha polo PP as causas con maior peso desta situación. O Goberno galego no canto de empregar a súa competencia e os recursos públicos de maneira eficiente para loitar contra esta situación dedicouse ao *marketing* propagandístico redundando nos mesmos erros.

A creación de emprego estable e de calidade supón un elemento fundamental no desenvolvemento e avance da economía, sendo o pilar clave no benestar dunha sociedade que permite o crecemento da cidadanía e impulse a actividade económica a todos os niveis. En tan só un ano e medio, España logrou recuperar os niveis de afiliación á Seguridade Social previos á pandemia, creándose emprego en todos os sectores económicos.

A reforma laboral acadada entre o Goberno do Estado e os axentes sociais estase mostrando como a mellor ferramenta para consolidar un marco de creación de emprego estable e de calidade, que incentiva a contratación indefinida fronte á temporalidade, reduce o número de tipos de contratos e limita a contratación temporal a un máximo de tres meses por ano, fomentando



o contrato fixo discontinuo. Así mesmo, o novo marco laboral recupera a negociación colectiva situándoa no corazón do novo modelo de relacións laborais, aumentando os dereitos dos empregados e recuperando a ultraactividade indefinida, ao tempo que se incrementan as sancións por contratación irregular e se impulsa a formación dos traballadores e traballadoras. E partindo da boa experiencia que deron os ERTE ao longo da crise económica durante a pandemia, súmase a regulación dun novo instrumento, o Mecanismo RED de Flexibilidade e Estabilización do Emprego como alternativa o despedimento, como forma de flexibilidade interna das empresas e impídense os ERE nas administracións públicas.

En definitiva, créase un marco laboral que permite reducir a temporalidade, reforzar a creación de emprego de calidade e dar seguridade xurídica ás empresas ao mesmo tempo que se cumpre co compromiso adquirido coa Comisión Europea para lograr o seu aval e percibir os fondos europeos.

Recentemente o Goberno remitiu aos grupos parlamentarios a execución dos créditos orzamentarios correspondentes ao exercicio 2022 e, ao igual que en exercicios anteriores, os socialistas puidemos comprobar como novamente o Programa 32. Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo é dos que peor execución orzamentaria presenta, un 56,5 % de execución sobre os créditos iniciais, quedando partidas como 322A-Fomento da empregabilidade nun 41,2 % ou nas partidas 323A e 323B que só acadaron o 43 % e 45,9 % respectivamente.

O actual Goberno da Xunta de Galicia nesta lexislatura deixou sen executar o 55 % dos fondos de formación para parados, o 78 % dos fondos de formación para ocupados e o 53 % dos fondos destinados á mellora da empregabilidade, deixando en consecuencia sen instrumentos de adaptación ás necesidades actuais tanto ás persoas paradas como ocupadas.



Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

1º) Elaborar un plan de emprego para Galicia contando con todos os actores implicados: sindicatos, concellos, deputacións e asociacións empresariais que teña en conta a inserción laboral, fundamentalmente, dos colectivos con maiores problemas de inserción, a adaptación da formación para persoas desempregadas segundo as necesidades do noso tecido produtivo a formación sobre o emprego autónomo e medidas de apoio as persoas asalariadas que están nos ERTE ou acollidas a algunha das axudas do Estado para as persoas autónomas. O plan debe contar con medidas concretas e medibles co fin de poder implementalo no segundo semestre de 2023.

2º) Adoptar as medidas necesarias para executar a totalidade dos recursos destinados a favorecer a inserción laboral de calidade na nosa comunidade autónoma neste exercicio 2023.

Parlamento de Galicia, 11 de abril de 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/04/2023 14:05:35

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/04/2023 14:05:49





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 52677
Data envío: 12/04/2023 14:07:15.688

Gonzalo Caballero Míguez na data 12/04/2023 14:06:06

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/04/2023 14:06:18

CSV: BOPGDSPG-otArsgZM6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
189947

@PSdeG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Daniel Pérez López**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa aos resultados do Plan Termal respecto da cidade de Ourense e á programación do novo mecanismo que o substituirá.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O fracaso do modelo termal do Partido Popular respecto da cidade e da comarca de Ourense é unha evidencia, toda vez que a raíz do incumprimento das súas propias planificacións e do fracaso da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galiza.

Esta lei, lonxe de resolver problemas, causou novos problemas que até o momento non existían. A falta de claridade, a demora no protocolo de autocontrol, a falta de apoio económico e esixencias técnicas contraditorias derivaron en que un concello como Ourense tivese durante anos os seus recursos termais públicos practicamente bloqueados. A isto, por suposto, contribuíu o Concello de Ourense, participado polo Partido Popular e por Democracia Ourensana, cuxo líder e alcalde cualificaba de “bluff” o termalismo.

Así as cousas, no momento de asinar esta iniciativa o 40% dos recursos termais da cidade están pechados e a previsión de reapertura do máis singular, a piscina das Burgas, é do ano 2024, cando se cumprirán catro anos de peche.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Durante estes anos, un dos elementos de planificación e coordinación interinstitucional foi o Plan de turismo termal de Ourense. Dito plan abrangía os anos 2014-2020 e perseguía un obxectivo central e tres obxectivos específicos:

- Obxectivo central: Poñer en valor turístico os recursos naturais e culturais de Ourense, estruturando a oferta, os recursos e os servizos de tal xeito que conduzan á creación do destino Ourense, Provincia Termal.

Obxectivos específicos:

- Obxectivo 1. Poñer en valor turístico os recursos naturais e culturais da provincia de Ourense, coa sustentabilidade como criterio clave para acadar unha mellor calidade de vida, a recuperación e preservación dos recursos naturais, e a contribución ao desenvolvemento socioeconómico
- Obxectivo 2. Articular os recursos, servizos e oferta termais como Produtos turísticos competitivos, innovadores e desestacionalizadores.
- Obxectivo 3. Posicionar Galicia como destino termal a través da potenciación de Ourense como provincia termal.

Este plan contaba con cinco liñas estratéxicas, un programa de accións complementado con propostas nos marcos das liñas estratéxicas e un orzamento estimado de 11.590.491€ para o total do período por parte do erario público e 40.999.332€ por parte dos axentes privados.

Pasados tres anos da caducidade deste plan e sen ter documentación pública definitiva do Plan de Sostibilidade Turística “Ourense Termal” en Destino que Deputación de Ourense e Xunta levan anunciando e presuntamente presentando máis de





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ano e medio, non se coñece tampouco valoración ou avaliación nin resultados obxectivos do Plan termal anterior.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

1.- Poñer en coñecemento do Parlamento Galego toda a información referida ao grao de cumprimento, execución de propostas e orzamentaria e valoración cuantitativa e cualitativa do Plan de turismo termal para Ourense 2014-2020 desagregada por anos e comarcas.

2.- Intensificar os traballos precisos para a aprobación e coñecemento público do Plan de Sostibilidade Turística “Ourense Termal” e informar na cámara galega do seu contido e dos mecanismos de seguimento que se van realizar, incorporando a participación da cámara.”

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/04/2023 13:49:51

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/04/2023 13:50:06

Daniel Pérez López na data 12/04/2023 13:50:15

Ana Pontón Mondelo na data 12/04/2023 13:50:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre o traslado do Centro de Viabilidade Invernal da Axencia Galega de Infraestruturas actualmente situado na Xunqueira do Alba.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A Axencia Galega de Infraestruturas ten actualmente ubicado no ENIL da Xunqueira do Alba o Centro de Viabilidade Invernal da zona norte da provincia de Pontevedra, instalación que ocupa uns 7.000 m2 nunha parcela situada en terreos de dominio público marítimo terrestre.

Segundo información trasladada polo goberno central nunha resposta escrita a preguntas rexistradas polo BNG no Congreso, non existe ningunha concesión en vigor nesta zona, polo que tanto a administración central como a administración autonómica estarían ocupando estes terreos de maneira irregular.

2. O Plan de Conservación do ENIL da Xunqueira do Alba prevé o traslado dos equipamentos públicos que están no ámbito do espazo natural.

-A Deputación de Pontevedra ten moi avanzado o proxecto de traslado das instalacións do Parque de Maquinaria e da Imprenta Provincial, de maneira que está levando a cabo a recuperación e rexeneración de case 17.000 m2 cun investimento de máis de 3.6 millóns de euros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-A Consellaría de Medio Rural anunciou diversas xestións e actuacións para trasladar os medios e equipamentos de incendios ao polígono industrial de Botos e ao parque empresarial do Campiño. Falta por coñecer que previsións ten para a recuperación e rexeneración dos terreos da Xunqueira do Alba.

-Segundo se deriva da resposta do Director da Axencia Galega de Infraestruturas en sede parlamentar, a consellaría de infraestruturas non ten nin interese nin intención de abandonar a actual ubicación e pretende que sexan outras administracións quen asuman o demantelamento, traslado, nova instalación e rexeneración dos terreos que actualmente ocupa de maneira irregular no ENIL.

Ao mesmo tempo que se debaten estas cuestións, a Consellaría de Medio Ambiente incluíu no documento en proceso de tramitación da Estratexia de Infraestrutura Verde a Xunqueira do Alba como área prioritaria e aposta pola súa restauración ecolóxica.

3. Na recente xuntanza entre o alcalde de Pontevedra e o presidente da Xunta, o rexedor propuxo que a Xunta desenvolva un plan para o desmantelamento das instalacións autonómicas na Xunqueira do Alba e ofreceu a colaboración municipal para levalo a cabo. En coherencia con esta proposta, existe un ofrecemento de terreos na área de Pontevedra que foi trasladada ao goberno autonómico.

Polo anteriormente exposto, o Grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Desenvolver un Plan para o desmantelamento e traslado do Centro de Viabilidade Invernal dependente da Axencia Galega de Infraestruturas e que está situado no ENIL da Xunqueira do Alba (Pontevedra), procurando a colaboración con outras administracións para a posta a disposición dos terreos necesarios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Encargar un proxecto que inclúa o desmantelamento, rexeneración dos terreos e construción do novo equipamento.

3. Desenvolver estas actuacións nos anos 2023 e 2024, e financiala con fondos propios e con achegas de fondos para a conservación da biodiversidade e a renaturalización de espazos degradados.”

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2023

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/04/2023 17:11:40

Alexandra Fernández Gómez na data 12/04/2023 17:11:43

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/04/2023 17:11:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz, María González Albert** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a apertura de vías de comercialización de carne ecolóxica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As dificultades de comercialización dos produtos primarios no noso país é evidente e amosouse nestes últimos anos máxime despois da COVID. As estratexias que prantexou o goberno da Xunta para combater a situación de estrangulación do sector nesta época foron claramente insuficientes e as vendas a perdas seguiron a producirse por non ter unha lei de calidade alimentar nin estatal nin autonómica que resultara eficiente para evitalas.

Os prezos da carne en xeral son obxectivamente elevados no supermercado e obxectivamente insuficientes e descompensados para os e as produtoras, e por suposto están marcados pola distribución non segundo cálculos oficiais destes custes de produción. Contan con outras dificultades relativas ás políticas de condicións de peso e pagos dos matadoiros que dependendo das circunstancias computan de xeito diverso as partes do animal, polas que pagan xunto coas canais, segundo sexa catalogada como canal europea ou non.

Para as producións ecolóxicas de carne as dificultades increméntanse, recoñecéndolle as dificultades da gandería en xeral ás que debemos sumar as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dificultades propias de producir en ecolóxico, os piensos ecolóxicos teñen un custe superior por Kg e os animais deben cumprir cunha serie de requisitos de pastoreo. A máis de todo isto leva apareladas unha serie de prácticas de cultivos e coidado dos pastos que precisan máis inversións.

Por riba do anterior as vías de comercialización propias do ecolóxico case non existen, sendo polo tanto máis rendible para as produtoras e produtores a venda en convencional ao non poder vender toda a produción en ecolóxico.

Neste tempo estamos vendo que as producións ecolóxicas despiden o anterior período da PAC pasando por serias dificultades precisamente porque, despois de promover este tipo de producións, a Xunta de Galiza e o seu goberno non tivo en conta o incremento de hectáreas nas solicitudes de incorporación o que motivou que quedaran fóra destas axudas moitas das novas hectáreas de incorporación e probablemente algunhas que viñan percibindo axudas polo simple feito de non ter orzamento suficiente.

A isto hai que engadirlle a entrada do novo período da PAC onde cambia o marco para todo o mundo, tamén para a produción cárnica ecolóxica, entre outras cuestións o FOGGA vai exixir que unha parte da produción se comercialice como tal, cando é constatábel que non hai canles de comercialización.

Non hai un traballo feito no noso país a prol destas producións de carne polo que existe un risco severo de que esta exixencia sexa unha traba máis para a venda de parte desta carne por riba dos custes de produción, o cal ben pode repercutir negativamente unha vez máis na economía destas granxas.

Tampouco se ten feito o traballo de concienciar á poboación sobre como diferenciar as producións que se atopan baixo distintos selos de calidade, nin tampouco se ten feito traballo coas diversas superficies comerciais, xenéricas, especializadas, grandes ou pequenas para que lle destinen un lugar ás producións ecolóxicas de carnes,





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

para que se estenda esta oferta e se cree demanda por todo o país, máis alá do que se poida mercar en determinadas superficies das cidades máis grandes do país e que isto se faga a prezos razoables para que todo tipo de persoas consumidoras poidan acceder a estes produtos de calidade.

A única maneira de que a nosa superficie agraria sume hectáreas para a produción ecolóxica é posibilitar que sexa rendible para que as e os produtores poidan manter un nivel de renda adecuado e para isto a administración ten que ter unha actitude moito máis proactiva en torno á produción pero tamén á comercialización desta carne por riba dos custes de produción sen que isto se volva inasumíbel para as consumidoras.

É cuestión de darlle un enfoque ás axudas da PAC para poidan provocar un cambio real no sistema produtivo primario do noso país, no canto de establecer medidas que nos fagan salvar as inspeccións que europeas pero que non produzan un cambio real nos nosos sistemas produtivos e isto non se consegue sen que haxa circuítos de venta para as producións a uns prezos que compensen a súa produción, non sendo en ningún caso suficiente establecer un sistema de cómputo que non se recolle en ningunha normativa e que polo tanto non é oficial e non obriga en ningún caso ás empresas que compran e aos seus intermediarios a respectalos.

A nova PAC precisa dunha seria atención por parte das gandeiras e gandeiros, engadir a exixencia de venta de parte da produción en ecolóxico o que fai é incrementar máis as penurias que está a sufrir o sector.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta a establecer as medidas normativas que permitan que o sector cárnico galego (e dentro del a produción ecolóxica) se poida desenvolver con garantía durante o continuum produción-comercialización-consumo. Para isto deberá:

1. Establecer obxectivos a curto, medio e longo prazo, para deseñar políticas para a pervivencia saudable das granxas que se dedican actualmente a esta produción ou para as que se poidan incorporar no futuro.
2. Lexislar para que de feito efectivo as e os produtores teñan garantida a venta por riba dos custes de produción.
3. Incentivar ás cadeas comercializadoras/ distribuidoras para que eviten a especulación e lle dean cabida ás producións cárnicas en ecolóxico nas pequenas e medianas superficies.
4. Orientar as axudas europeas da PAC para que cheguen coa orientación e en cantidade suficiente para que Galiza chegue a ser punteira na produción ecolóxica, neste caso de carne.
5. Actuar para poñer en valor diante da poboación consumidora este tipo de producións polos seus valores para o mantemento dunha vida saudable, do territorio e do medio ambiente.”

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 13/04/2023 10:06:48

Xosé Luis Rivas Cruz na data 13/04/2023 10:07:01

María González Albert na data 13/04/2023 10:07:18

Ana Pontón Mondelo na data 13/04/2023 10:07:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz, María González Albert** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre as liñas de apoio ás producións vexetais para consumo humano ante o cambio climático.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos dunha serie de crises concatenadas que comezaron coa pandemia COVID no ano 2020 e remataron coa actual situación de inflación que empobrece á poboación.

Primeiro aconteceu un peche dos mercados que engadiu dificultades á comercialización das diversas producións, e logo sucedeu a suba de prezos dos carburantes e dos abonos, que encareceu o cultivo e transporte destas producións e que se mantén na actualidade.

Pero durante o ano 2022 como consecuencia do cambio climático, sufrimos unhas condicións climáticas extremas no noso país que afectaron aos cultivos, debido a unha ola de calor sen precedentes que, segundo informan as especialistas no tema, non será a última e que provocou unha severa perda de produción.

Unhas das grandes prexudicadas por estas diversas crises foron as producións agrícolas para consumo humano que á súa vez tamén foron as grandes esquecidas nas axudas por parte das distintas administracións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As producións de vexetais para consumo humano son tradicionais no noso país, case cada familia que pode permitirse unha horta para autoconsumo cultívaa, pero os distintos tipos de horticultura para comercialización non están arraigados nos nosos usos produtivos e quizá sexa precisamente pola falta de apoio das administracións, nin para o fomento da incorporación a esta empresa ou para a súa continuación e pervivencia.

O cambio climático ameaza ao territorio galego, tanto como a calquera outro territorio e por isto a meteoroloxía advirte sobre que o máis probable é que se vivan continuos veráns con elevadas temperaturas. Aconteceu mesmo este pasado verán, onde as elevadas temperaturas diúrnas e nocturnas durante un prolongado número de días uníronse ás restricións hídricas prexudicando os cultivos provocándolles enfermidades e mermas produtivas continuadas durante todo o verán e máis alá del, en cultivos de outras estacións aos que non lles chegan as choivas ocasionais que se deron nalgúns zonas do país nomeadamente nas zonas do centro e do sur do país (claro exemplo foi a situación sufrida polas plantacións de millo durante o período estival de 2022).

Por isto dende o goberno galego procede levar adiante unha serie de actuacións a curto e a medio prazo para que as e os nosos agricultores poidan manter o nivel de producións dos seus cultivos.

A curto prazo é unha prioridade facerlle fronte ás perdas causadas pola seca que non afectaron só ás producións hortícolas, á seca afectou á produción froiteira, á de cereais de primavera, aos froitos secos, é dicir hai unha afectación xeral dos cultivos para consumo humano, xa que non houbo suficiente auga para a formación correcta dos froitos.

A seguinte prioridade é acadar un acordo institucional para pautar preferencias de consumo de auga, estando por diante as persoas e os animais pero en segundo lugar deberán ser este tipo de cultivos vexetais que garantan a alimentación da poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A medio prazo é imprescindible facer un traballo activo para novas captacións de augas e para que as produtoras e produtores leven a cabo medidas de rego sostible que aforren auga e melloren o aproveitamento dela polos cultivos.

É por último é imprescindible comezar neste mesmo momento a levar adiante procesos de investigación nunha primeira parte para mellorar os sistemas de rego e aproveitamento da auga e nunha segunda proceden traballos de investigación sobre especies novas ou modificación das actuais para unha mellor adaptación ao cambio climático.

Trátase de estar preparadas para enfrontar unha crise climática severa con recursos suficientes, fuxindo da intensificación ou industrialización que esgota os recursos acuáticos e naturais.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta a:

1. Programar axudas inmediatas a través dun pago directo de máis da metade do SMI anual, para o número de ATP que paguen a SS en cada proxecto produtivo, sumando o importe do custe da SS de 6 meses. Para as titulares (ATP) de pataca e similares que superen un número de hectáreas poderíase complementar ata acadar as cantidades solicitadas por activo poñendo un límite que pode ser de 4.

2. Motivar un acordo cos concellos galegos para que procedan a establecer prioridades de restricións de usos da auga no caso de seca, colocando as producións





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vexetais para consumo humano inmediatamente por tras do consumo para persoas e animais.

3. Establecer unha liña propia de investigación, con dotación orzamentaria suficiente, en dous sentidos, ambos relativos vías ao enfrontamento e adaptación ao cambio climático:

a. Para o estudo e difusión de melloras na captación de augas e sistemas de rego sostibles.

b. Para o estudo de novas especies e/ou adaptación das actuais ao cambio climático dentro do sistema investigador agrario público.”

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2023

Asdo.: Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 13/04/2023 11:44:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 13/04/2023 11:44:34

María González Albert na data 13/04/2023 11:44:47

Ana Pontón Mondelo na data 13/04/2023 11:44:58



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey**, **Noelia Otero Lago** e **Noa Díaz Varela**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª**.

O CEIP Pontesampaio, sito nesta parroquia pontevedresa, consta de dúas unidades de educación infantil e cinco unidades de primaria.

Este centro de referencia a nivel educativo vén reclamando dende hai tempo a necesidade de ter un espazo destinado á práctica da actividade física por parte do alumnado.

Ante a falta de resposta o Goberno da Xunta tiveron que habilitar unha aula sita na planta baixa para destinala a aula de educación física, engadindo *espaldas* e cestas nas paredes.

Espazo que se utiliza a maiores como comedor á hora do almorzo co servizo do plan madruga e a mediodía, e tamén como espazo para o recreo nos días de choiva.

Desde o Grupo Socialista entendemos que este espazo non pode ter esta multifunción porque non reúne as características axeitadas para unha instalación deportiva e, polo tanto, a Xunta ten que proporcionar esta dotación ao CEIP de Pontesampaio.

Entendemos que o espazo máis axeitado a nivel técnico e administrativo e o que ocupa a actual pista polideportiva exterior, mediante a construción dun



pavillón cuberto que poida cumprir todas estas funcións de instalación para a práctica de actividades deportivas e patio cuberto de recreo para os días de choiva.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que execute a construción dun pavillón cuberto no CEIP Pontesampaio en Pontevedra, que poida cumprir as funcións de instalación para a práctica de actividades deportivas e patio cuberto de recreo para os días de choiva.

Parlamento de Galicia, 13 de abril de 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 13/04/2023 12:04:54

Noelia Otero Lago na data 13/04/2023 12:05:13

Noa Susana Díaz Varela na data 13/04/2023 12:05:25

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/04/2023 12:05:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre o incremento dos gastos enerxéticos nos centros de ensino galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas son varios os centros de ensino galegos que están a denunciar un incremento desorbitado dos gastos enerxéticos. Estamos a falar de centros de ensino que chegan a duplicar os gastos derivados da factura da luz a respecto do pasado curso.

Ante esta situación, os centros de ensino teñen que facer fronte a estes custes (un dos máis elevados para calquera centro) cunha partida destinada a gastos de funcionamento que foi establecida para uns gastos enerxéticos que eran da metade no curso anterior. Esta situación ten unha incidencia directa na calidade educativa xa que o diñeiro que se adica a pagar este incremento no recibo enerxético, non se pode adicar á outras medidas de mellora da calidade educativa nos centros.

Tal e como denuncian estes centros, os prezos contratados pola administración na renovación do contrato eléctrico teñen un impacto en moitas ocasións inasumible, cuns prezos por kw. que están moi por riba dos que se pagan en calquera establecemento privado ou nos propios fogares.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta realidade está a provocar unha grande preocupación na comunidade educativa polo que dende o Grupo Parlamentar do BNG formúlase a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

-Habilitar unha partida extraordinaria destinada a gastos de funcionamento dos centros para que os centros de ensino poidan facer fronte aos incrementos dos prezos da enerxía

-Remitir un informe a este Parlamento no que se dea conta das condicións do contrato coa empresa enerxética e os criterios para a elección desa tarifa e esa compañía.”

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 13/04/2023 12:01:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 13/04/2023 12:01:06

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/04/2023 12:01:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García** e deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre as medidas que debe realizar o goberno galego para garantir o dereito á educación no actual contexto económico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación económica que están a pasar as familias galegas é cada día máis difícil. Unha realidade que ven a ser reflectida en todos os indicadores económicos e que fai que calquera fogar no que haxa persoas estudando, se enfrente a unhas dificultades económicas ante as que o goberno galego non pode poñerse de perfil.

Os últimos datos económicos publicados polo IGE confirmaban que no noso país os prezos rexistraron un aumento do 6,4%, catro décimas máis que no conxunto do estado (6,0%). Mais por se isto non fose dabondo, a variación interanual da inflación subxacente (índice xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos) foi dun 8,2%, dúas décimas superior á rexistrada en xaneiro (8,0%) e seis décimas superior á rexistrada a nivel estatal (7,6%).

Polo tanto, estamos ante un contexto económico no que as familias galegas afrontan unha crise de prezos que ten incidencia directa en bens básicos como a vivenda ou a alimentación. Unha realidade que é dura para calquera familia pero que se fai





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

insoporable cando estamos a falar de fogares nos que hai fillos ou fillas en idade escolar.

Segundo se desprende dun estudo realizado pola OCU, as familias, ademais de todo o que supón a crise de prezos, deben afrontar uns gastos medios de 1950 € por cada fillo en idade escolar no inicio de curso.

Por se isto non fose dabondo, no caso das matrículas nas universidades galegas, o custes que debe asumir cada alumno oscila entre os 550€ e os 850€. Se a estes gastos engadimos outros aos que ten que facer fronte calquera estudante como son os gastos do aluguer da vivenda, a electricidade ou a manutención, teremos un reflexo da realidade económica que están a padecer as familias galegas nas que hai persoas estudando.

Dende o BNG entendemos que ante esta realidade, o goberno galego debe dar unha resposta. Unha resposta que alén das competencias doutras administracións, están definidas tamén para o goberno galego no artigo 31 do Estatuto de Autonomía ou na propia lei do SUG que establece no seu artigo 108.1 que *“sen prexuízo das competencias do Estado, a Xunta de Galicia articulará unha política en materia de axudas e bolsas ao estudo e á investigación, mediante convocatorias anuais, para garantir que todo o estudantado que cumpra as condicións para cursar estudos universitarios con aproveitamento poida acceder, en condicións de igualdade, aos estudos universitarios e poida desenvolverlos sen ser excluído por razóns económicas.”*

Polo tanto, estamos ante unha realidade económica na que se fai máis preciso ca nunca que dende a Xunta de Galiza se establezan medidas destinadas a paliar os efectos desta crise.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Habilitar un mecanismo extraordinario de bolsas destinadas tanto ao ensino obrigatorio como ao ensino universitario para que todas as familias con rendas per cápita inferiores a 12.000 € nas que haxa persoas estudando poidan facer fronte aos gastos académicos.

2. Iniciar os trámites para que a primeira matrícula nas universidades públicas galegas sexa gratuíta no vindeiro curso académico a través dunha partida específica para tal fin con cargo aos orzamentos da Xunta que evite a perda de ingresos das Universidades.”

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 13/04/2023 12:51:33

Mercedes Queixas Zas na data 13/04/2023 12:51:50

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/04/2023 12:52:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a Serra do Suído.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A serra do Suído forma parte do sur da Dorsal Galega, un sistema montañoso que se estende de norte a sur de Galiza e que na provincia de Pontevedra está conformado polas serras do Candán, O Cando, O Testeiro, O Faro de Avión e O Suído.

O Suído esténdese por polos concellos de A Lama, Avión, Beariz, Covelo, Fornelos e Mondariz ao longo de 492 km², configurando un espazo con identidade propia, con unha historia común e con unha grande riqueza natural e cultural.

A ubicación próxima á costa e as altitudes de máis de 1.000 metros fan que esteamos ante unha das serras de maior pluviosidade de toda a península ibérica, con máis de 2.400 mm de precipitación media anual. Os ríos que nacen na serra, o Tea, o Avia e o Verdugo-Oitavén son dos mellor conservados da demarcación Galiza-Costa, tanto pola calidade das augas, pola boa conservación das ribeiras e pola variedade de flora e fauna.

A orografía, o clima, a paisaxe, a historia fan da serra do Suído un espazo de extraordinarios valores ambientais, culturais e sociais que é necesario preservar e dinamizar no seu conxunto, prevendo impactos que alteren os equilibrios e fomentando actividades sustentábeis e creadoras de valor engadido.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Atendendo a riqueza ambiental e á súa importancia para a preservación da biodiversidade, nos anos 2008 e 2012 iniciáronse senllos procedementos para a declaración de parte da serra do Suído (aproximadamente 110 km²) como Lugar de Importancia Comunitaria (actualmente ZEC) e a conseguinte inclusión na Rede Natura 2000, iniciativas que non chegaron a concluírse malia as demandas da Comisión Europea para que se protexesen hábitats de interese prioritario presentes na serra. No ano 2008 tamén se iniciou o procedemento para a ampliación do LIC Rede Natura 2000 Río Tea coa inclusión do Alto Tea, sen que tamén neste caso chegase a facerse realidade a declaración.

No Suído e Alto Tea existen 12 tipos de hábitats de interese comunitario (Directiva Hábitats), dos cales 4 son de interese prioritario (en risco de desaparición): as turbeiras altas activas (7110*), os bosques aluviais de amieiros e freixos (91EO*), as matogueiras húmidas atlánticas ((4020*) e os bosques de ladeiras, desprendementos ou barrancos (9180*).

A serra do Suído e o Alto Tea atesouran un grande número de formacións de turbeira, hábitat de grande interese para a biodiversidade e para a prevención e mitigación do cambio climático. As turbeiras funcionan como reguladoras do ciclo hidrolóxico, xa que actúan como unha especie de esponxas que reteñen a auga da chuvia e vana liberando gradualmente. Caracterízanse pola presenza dunha grande variedade de flora e fauna, entre a que se inclúen especies en perigo de extinción.

En total están rexistradas 53 formacións de turbeira que ocupan unha superficie total de 80,8 ha. As turbeiras máis extensas atópanse no Suído: Chan do Libro con 10 ha de superficie, As Pontellas (8ha), Coto de Eiras e Outeiro Vello (5 ha cada unha). A maior parte das turbeiras sitúanse na cabeceira da conca do Oitavén-Verdugo (32). O río Tea e os seus afluentes suman un total de 20 formacións de turbeira mentres que na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2023 13:32:24
Nº Rexistro: 52738
Data envío: 13/04/2023 13:32:24.140

cabeceira do Avia só se rexistra unha (O Pozo Novo). O 78% destas formacións están situadas nos concellos da Lama e O Covelo.

	Número	Superficie
Covelo	23	31,4 ha (38,8% do total)
A Lama	16	32 ha (39,6%)
Fornelos	10	11,4 ha (14,2%)
Mondariz	2	5,2 ha (6,4%)
Avión	2	0,8 ha (1%)

A parroquia de Campo (Covelo) é a que rexistra un maior número de turbeiras, denominadas “porcas”, que ocupan un total de 20 hectáreas.

Unha parte destas turbeiras aparecen recollidas no Inventario de humidais de Galiza (2003) mais ao longo de 20 anos sufriron numerosas agresións e alteracións. Existe unha proposta para declarar as brañas do Suído como Humidal protexido e como humidais incluídos na listaxe internacional Ramsar (*Conservación e xestión dos humidais en Galicia*, IBADER, 2017, ®Pablo Ramil-Rego, Luís Gómez-Orellana e Javier Ferreiro da Costa editores). No mes de marzo de 2023, unha parte dos humidais do Suído foron incluídos no Inventario de zonas húmidas de Galiza (DOG do 13 de marzo de 2023).

O río Parada do Valdohome, afluente do Oitavén, que ten as súas nacentes na serra do Suído, foi declarado Reserva Natural Fluvial atendendo ao seu bo estado de conservación e aos valores naturais que atesoura. Por este motivo, a súa bacía debe ser obxecto de especial protección e precaución, evitándose as agresións e alteracións da súa contorna.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. A serra representa unha mesma unidade etnográfica, composta por toda a rede de construcións gandeiras estacionais da Serra do Suído e Alto Tea. Os chozos ou chozas, sesteiros, curralas e cortellos ou parideiras atópanse diseminados de tal modo que se insiren na paisaxe beneficiándose das súas características ambientais e orográficas, para se asentar ora nas pequenas valgadas e chans, para aproveitaren os seus pastos, ora nos cumes ou cotos para aproveitaren a tendencia espontánea do gando para sestar neles.

Estas construcións facíanse mediante a técnica da “pedra seca” ou “cachotería en seco”, unha técnica de construción tradicional que foi incluída na listaxe do patrimonio inmaterial da UNESCO no ano 2018.

Empregáronse até a segunda metade do século XX para o pastoreo do gando na estación estival. Organizábase mediante un sistema de rolda, na que participaba de xeito rotatorio a veciñanza dos lugares aos que pertencía cada chozo.

A paisaxe da serra do Suído foi recoñecida como Paisaxe Cultural polo Instituto del Patrimonio Cultural de España (IPCE) e incluída no Plan de Paisaxes Culturais na categoría de “Actividades agrícolas, gandeiras e forestais” nas que se inclúen os “sistemas agro-silvo-pastorís históricos”.

Ademais dos conxuntos etnográficos relacionados coa actividade gandeira, na serra teñen unha importante representación os foxos ou “forcas” do lobo, construcións de grandes dimensións situadas nas valgadas e formadas por valados en forma de V que converxen nun pozo (foxo) a onde se conducía o lobo en batidas colectivas. No Suído e Alto Tea existen 6 foxos do lobo, o máis espectacular dos cales é o Foxo da Portela, no Coto de Eiras.

Outras das manifestacións senlleiras do Suído son os camiños tradicionais, pola situación estratéxica do Suído como lugar de paso entre importantes comarcas do país.



Cabe sinalar a este respecto o Camiño dos Arrieiros, que comunica O Ribeiro con Pontevedra, o Camiño Breeiro que ía cara Aciveiro e Compostela; o camiño da Brea que comunicaba a reitoral de Barcia de Mera co Mosteiro de Melón; e a Calzada do Alén, un camiño empedrado que vai pola marxe dereita do río Alén desde a Ponte de San Xoán do Mosteiro até o concello de Fornelos.

4. Toda esta inmensa riqueza de patrimonio cultural e natural do Suído viuse mermado e sometido a múltiples agresións, que se poden agravar de maneira irreparábel debido a proliferación de proxectos mineiros e de parques eólicos.

Con respecto aos parques eólicos, a Comisión Europea (EC, 2010) identifica os impactos na fase de construción do parque en canto á perda de superficie ocupada por hábitats de interese comunitario debido á apertura de viais, cimentación dos aeroxeradores, instalación de liñas áreas e subterráneas, construción de centrais eléctricas e edificacións auxiliares, introdución de especies invasoras, etc. Tamén fai referencia aos impactos na fase de explotación, pola mortalidade que causan os aeroxeradores na avifauna e polo incremento do ruído.

No caso de humidais, a creación de pistas e drenaxes alteran a hidroloxía superficial. Os viais acostuman a converterse en receptores de augas de grandes superficie de terreo, que son transportadas a lugares afastados por medio das gabias.

Nos últimos anos, no contexto do boom eólico, estanse a tramitar numerosos proxectos de parques eólicos na Serra do Suído, no Alto Tea e no Faro de Avión. Na tramitación destes proxectos industriais débese ter en conta o establecido na lei 5/2019 do patrimonio natural e a biodiversidade, que consolida a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, o principio de precaución a respecto das intervencións que poidan afectar negativamente ao patrimonio natural e a biodiversidade, e mais a prevención dos problemas derivados do cambio climático.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En relación con esta última cuestión cómpre avaliar a incidencia dos parques eólicos e das súas infraestruturas nos recursos hídricos, co obxecto de preservar a función do Suído como gran colector de auga que abastece as concas do Avia, Oitavén-Verdudo e Tea.

Por outra parte, o solo afectado polos proxectos sectoriais vai experimentar unha radical modificación na súa cualificación urbanística e o seu uso, xa que pasa a cualificarse como solo rústico de especial protección de infraestruturas. Na práctica supón abrir paso a un proceso de explotación industrial de espazos de grande interese ambiental, cultural e paisaxístico.

En relación coa afección á paisaxe, cómpre ter en conta que o Catálogo das Paisaxes de Galicia inclúe a Serra do Suído como Área de Especial Interese Paisaxístico (AEIP _08_15), polo que se deberá estar ao disposto na Lei 7/2008, de 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia. Resulta evidente que a construción de até 16 parques eólicos e as súas correspondentes infraestruturas van terían un enorme impacto visual na paisaxe da serra.

5. Calquera planificación do desenvolvemento de enerxías renovábeis debe facerse contando coa participación dos concellos e a veciñanza, debe respectar os valores ambientais e culturais do territorio, debería ter como contrapartida o abaratamento do prezo da enerxía eléctrica e debería ter como principais beneficiarias as comunidades locais.

Recentemente, a Xunta vén de informar negativamente varios proxectos de parques eólicos situados na serra do Suído, atendendo ao seu impacto paisaxístico, aos efectos sinérxicos e acumulativos (efecto barreira) e a afección a especies protexidas, nomeadamente as aves.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En relación coa tramitación do parque eólico Coto das Airas, logo reconvertido como Carballoso (de tramitación estatal por ter unha potencia de 51MW), situado nos concellos de Fornelos, A Lama e Avión, a dirección xeral de Patrimonio Natural da Xunta emitiu informes desfavorábeis polo impacto negativo no patrimonio natural e en especies protexidas. Un dos argumentos clave para esta avaliación foi que “neste momento están en estudo distintos espazos ben conservados que reúnen importantes valores ambientais pola presenza de turbeiras e hábitats asociados insuficientemente representados na Rede galega de espazos naturais. En dito estudo, ademais da cartografía detallada dos hábitats, están presentes cuestións como a conectividade das especies e o mantemento das condicións dos equilibrios hídricos, fundamentais neste tipo de formacións vexetais.

Doutra banda, esta a tramitarse actualmente un volume importante de proxectos de desenvolvemento eólico que se superpoñen con estes espazos e que se amosan incompatibles coa conservación dos valores naturais presentes neles, o que representa un factor de perturbación que ameaza de modo significativo o seu estado de conservación e as obrigas de conservación que debe atender a Xunta de Galicia.

En consecuencia, en aplicación do artigo 46.1 da Lei 5/2029 de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, **procede informar negativamente a instalación de aeroxeradores e subestacións na devanditas zonas**, así como o resto de infraestruturas asociadas”.

En consecuencia con este informe, referido ao parque eólico Coto das Airas e reiterado nos mesmos termos para o parque eólico Carballoso, o goberno galego debe aplicar o procedemento previsto nos artigos 45 e 46 da lei 5/2019.

E tendo en conta dos demais valores patrimoniais, socioculturais e humanos da serra do Suído, debe impulsar, en coordinación cos concellos e co tecido social da contorna, un conxunto de medidas de conservación, de recuperación e dinamización.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Co obxecto de levar a cabo un modelo económico e social que responda aos intereses colectivos, co fin de preservar os valores ambientais, culturais, sociais e de garantir o desenvolvemento sustentábel do territorio e da veciñanza do Suído e Alto Tea, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Iniciar o procedemento para a declaración da serra do Suído como Zona Especial de Conservación (ZEC) e a consecuente integración na Rede Natura 2000, co obxecto de protexer e conservar especies e hábitats de interese comunitario e de interese prioritario, con especial atención aos recursos hídricos e nomeadamente hábitats de turbeira.

2. Como medida de protección, establecer neste espazo o réxime de protección cautelar ou protección preventiva, previstos nos artigos 45 e 46 da lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade, e, en consecuencia, informar negativamente todos os proxectos industriais que poidan actuar como factor de perturbación dos valores deste espazo.

3. Realizar o inventario e catalogación de todo o patrimonio material e inmaterial do Suído, Alto Tea, Faro de Avión, Costas do Alén e A Paradanta, e desenvolvemento dun plan para a súa protección, conservación e divulgación.

4. Recabar os informes e estudos pertinentes para a incoación do procedemento de declaración do patrimonio etnográfico gandeiro da serra do Suído e Alto Tea como Ben de Interese Cultural na categoría de paisaxe cultural.

5. Elaborar, en coordinación cos concellos e coa participación das entidades sociais e a veciñanza, un Plan de dinamización e desenvolvemento sustentábel do Suído





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e Alto Tea, con unha previsión de investimentos plurianuais por parte das administracións local, provincial e autonómica.”

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/04/2023 13:22:05

María Montserrat Prado Cores na data 13/04/2023 13:22:17

Xosé Luis Bará Torres na data 13/04/2023 13:22:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de crear unha Unidade de Muller e Saúde para impulsar unha estratexia integral para a atención á saúde das mulleres.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Foi nos anos 60 cando o movemento feminista empezou a mostrar o nesgo de xénero na atención sanitaria das mulleres, a pesares de que se ten mellorado algo en canto ao estudo de homes e mulleres en medicina, en moitos aspectos apenas se ten avanzado.

50 anos despois, na sanidade sigue sendo maioritario o modelo androcéntrico de atención, que toma de referencia ao home, o comportamento do corpo masculino no diagnóstico, na abordaxe terapéutica e na investigación. A pesares de que hai evidencia e confirmación das carencias, dos déficits denunciados.

Esa evidencia fai precisa a abordaxe das actuacións que ten que desenvolver o sistema sanitario para garantir o dereito á saúde das mulleres con calidade, eficacia e equidade. Unha abordaxe que contemple os múltiples factores que determinan a nosa saúde e que incorpore á análise a perspectiva de xénero.

A evidencia demoítranos que moitas enfermidades preséntanse con maior frecuencia entre as mulleres, como as enfermidades reumatolóxicas ou as autoinmunes; outras maniféstanse de forma diferente, como a cardiopatía isquémica, unha mesma





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

enfermidade poden presentar síntomas distintos, poden responder diferencialmente aos tratamentos ou ter consecuencias distintas.

Non ter todo isto en conta pode significar que os síntomas non sexan recoñecidos nin polas mulleres nin por profesionais, e dar lugar a infradiagnósticos, diagnósticos tardíos ou inexactos en mulleres porque non responden ao patrón tipo.

Consideramos necesario modificar o modelo sanitario, revisar as políticas sanitarias para dotalas de equidade de xénero. Poñer en marcha unha estratexia para a atención integral da saúde das Mulleres. Para facer visíbeis as diferenzas en saúde e eliminar as desigualdades nas prestacións, como ferramenta de intervención e planificación, con actuacións a desenvolver no conxunto do sistema sanitario.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que cree unha Unidade de Muller e Saúde, dependente da consellaría de Sanidade, que planifique, coordine e impulse unha estratexia para a atención integral á saúde das mulleres, que contemple como mínimo as seguintes actuacións:

1.- Establecer liñas prioritarias de investigación en saúde da muller, con financiamento suficiente, que permita avanzar no coñecemento das doenzas que lle afectan, revisar os patróns de síntomas e evolución das enfermidades:

- a) Establecer indicadores de xénero nos protocolos de autorización e validación de ensaios clínicos.
- b) Establecer liñas de investigación nas doenzas que afectan, ou teñen máis prevalencia nas mulleres (endometriose, fibromialxia...)



- c) Garantir igual representación de mulleres e homes nos ensaios clínicos,
- d) Realización de estudos para coñecer a actuación dos tratamentos en canto a eficacia e seguridade.
- e) Transferencia dese coñecemento á sociedade, á formación e @s profesionais.

2.- Incorporar o enfoque de xénero en todo o proceso de formación:

- a) Plans de estudos das profesións sanitarias.
- b) Programas formativos das especialidades (MIR, PIR, FIR, EIR...)
- c) Realización de guías para profesionais
- d) Formación continuada para profesionais sobre a saúde das mulleres.

3.- Garantir a abordaxe de xénero na atención sanitaria

- a) Atención específica ás patoloxías que afectan, ou teñen máis prevalencia nas mulleres (endometriose, fibromialxia, patoloxías endócrinas...): Plans de detección precoz, campañas de divulgación, elaboración e difusión de guías tanto para afectadas como para profesionais, crear grupos de traballo, unidades específicas, facilitar derivacións.
- b) Garantir o proceso de atención e acompañamento á muller vítima de violencia de xénero, especialmente desde Atención Primaria e servizos de urxencias.
- c) Reforzo da Atención Primaria, para prestar unha atención sexual e reprodutiva de calidade a todas as mulleres ao longo de todo o seu ciclo vital: anticoncepción, atención preconcepcional, embarazo e postparto, orientación da demanda de interrupción legal de embarazo, exame de saúde xinecolóxico periódico, detección e orientación inicial na problemática sexual e da parella, menopausa e realización de actividades comunitarias de educación sexual e afectiva.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- d) Incorporación á Carteira de Servizos de Atención Primaria de categorías de psicoloxía clínica e traballadoras sociais
- e) Adecuación rateos matrona-muller tanto en Atención Primaria como Especializada
- f) Creación do número de unidades de chan pélvico preciso que permita facilidade e equidade no acceso ás mesmas.”

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/04/2023 14:16:14

Iria Carreira Pazos na data 13/04/2023 14:16:19

María Montserrat Prado Cores na data 13/04/2023 14:16:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputados **Carmela González Iglesias, Rosana Pérez Fernández e Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, sobre a situación das instalacións do centro do IEO en Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un informe externo constatou a existencia de importantes deficiencias na estrutura do Centro Oceanográfico de Vigo recomendando, entre outras accións, a derriba da planta de cultivos.

O mal estado das instalacións non é algo novo, pois tanto as persoas traballadoras como distintos colectivos, incluído o Bloque Nacionalista Galego, fixéronse eco da total falta de mantemento e o nulo investimento na súa actualización e mellora. De feito, o BNG presentou senllas emendas aos orzamentos do Estado para a adecuada dotación orzamentaria ao Centro.

Tras o total colapso económico e institucional, o Goberno optou pola integración do IEO no CSIC pero isto non supuxo un investimento adecuado para a recuperación e posta a punto operativa das instalacións que as fagan adecuadas á súa finalidade. O CSIC segue aprazando as melloras mentres se agrava a deterioración dun inmovble inaugurado 1986 á beira do mar.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tras este anuncio a única medida anunciada de forma inmediata é acometer a evacuación desa planta de cultivos especialmente afectada, que pasarán a instalacións da UVigo. Con todo descoñécense que outras accións levarán a cabo finalmente e con que prazos, o que é seguro é que deben ser obras de gran entidade e que durarán bastante tempo.

Este centro realiza estudos científicos de gran calidade, en solitario ou xunto a outras institucións como o IIM-CSIC, a UVigo, o Cetmar ou estaleiros. Este traballo fai do centro de Vigo unha referencia en investigación mariña a nivel europeo.

A falta de instalacións adecuadas pode poñer en risco o mantemento de actividades e estudos agora en curso, sendo os cultivos uno dá as materias de excelencia do centro. Foi na planta de cultivos que agora parece necesario demoler por falta de mantemento onde se deron os primeiros estudos para o cultivo ou o coñecemento sobre especies como o rodaballo, o ollomol, o linguado, o polbo, a sardiña ou a cherna e que logo se transferiron ao sector mar-industria. Esta íntima relación co sector pesqueiro e industrial é algo a protexer, manter e potenciar, non podendo tolerarse que se poña en risco por unhas deficientes instalacións.

A iniciativa do BNG o Parlamento de Galicia xa ten aprobado por unanimidade “Emprender de xeito inmediato a comunicación e as xestións precisas co Goberno do Estado para iniciar o procedemento para o traspaso de competencias da totalidade da xestión económico administrativa dos centros do Instituto Español de Oceanografía en Galiza para que pasen a formar parte da estrutura da propia Xunta”, traspaso que a día de hoxe aínda non se ten comezado e que sería fundamental para garantir a continuidade da importante labor científica que o Centro Oceanográfico de Vigo leva desenvolvido no ámbito pesqueiro e acuícola ao longo dos anos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O de Vigo é o centro de maior tamaño de todos os do estado, nel traballan máis de 120 persoas que teñen desenvolvido un gran esforzo investigador, e en sinerxía co de A Coruña e cos centros oceanográficos de Portugal, traballan man a man co sector pesqueiro e acuícola galego garantindo unha pesca sostible e situando ao sector do mar como un sector estratéxico para a economía e o emprego en Galiza.

Por isto é urxente reverter a degradación das instalacións do centro do IEO en Vigo demandando, no inmediato, unha actuación urxente con orzamento suficiente por parte do Goberno do Estado que garanta a seguridade do persoal traballador, así como a continuidade das investigacións que se están levando a cabo no centro.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. No inmediato, demandar do Goberno do Estado que realice as accións, obras, melloras e investimentos necesarios para paliar as graves deficiencias que existen nos edificios que ocupa o Centro Oceanográfico de Vigo, consecuencia dos nulos investimentos e da total falta de mantementos durante anos.

2. Empezar de xeito inmediato a comunicación e as xestións precisas co Goberno do Estado para iniciar o procedemento para o traspaso de competencias da totalidade da xestión económico administrativa dos centros do Instituto Español de Oceanografía en Galiza para que pasen a formar parte da estrutura da propia Xunta.”





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2023

Asdo.: Carmela González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 13/04/2023 16:12:17

Rosana Pérez Fernández na data 13/04/2023 16:12:27

Alexandra Fernández Gómez na data 13/04/2023 16:12:37

Ana Pontón Mondelo na data 13/04/2023 16:12:44



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo** e **Gonzalo Caballero Míguez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 3ª**.

O pasado 30 de marzo tivo entrada no Parlamento de Galicia a execución orzamentaria da Administración autonómica correspondente ao exercicio 2022. Como en exercicios anteriores, chama a atención a baixa execución de determinados programas, como a partida orzamentaria 712A-Fixación de poboación no medio rural, que no orzamento inicial da Xunta de Galicia tiña consignados 47.854.000 de euros, que foron minguados ata os 35.435.000 euros, e executando 26.854.000 euros, é dicir, un 75,8 % respecto aos créditos vixentes e o 56,1 % dos créditos iniciais.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición no de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a executar a totalidade dos recursos orzados para a fixación de poboación no medio rural.

Parlamento de Galicia, 13 de abril de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/04/2023 17:42:31





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2023 18:17:46
Nº Rexistro: 52766
Data envío: 13/04/2023 18:17:46.672

Gonzalo Caballero Míguez na data 13/04/2023 17:42:49

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/04/2023 17:43:03

CSV: BOPGDSPG-otArsgZM6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
189992

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno da conselleira do Mar**, para explicar que actuacións vai levar a cabo para rematar coa situación de enfrontamento entre os sectores mexilloeiro e percebeiro por mor da extracción da semente de mexillón no medio natural e que medidas vai tomar para dar solución ao conflito.

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2023

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 17/04/2023 16:55:54

Ana Pontón Mondelo na data 17/04/2023 16:56:23

Carmela González Iglesias na data 17/04/2023 16:56:36

Paulo Ríos Santomé na data 17/04/2023 16:56:41

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/04/2023 16:56:48

María Montserrat Prado Cores na data 17/04/2023 16:56:55

Alexandra Fernández Gómez na data 17/04/2023 16:57:02

Xosé Luis Bará Torres na data 17/04/2023 16:57:08

Xosé Luis Rivas Cruz na data 17/04/2023 16:57:16

Mercedes Queixas Zas na data 17/04/2023 16:57:24

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/04/2023 16:57:33

Daniel Pérez López na data 17/04/2023 16:57:41

Iria Carreira Pazos na data 17/04/2023 16:57:52

Olalla Rodil Fernández na data 17/04/2023 16:58:00

Daniel Castro García na data 17/04/2023 16:58:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 17/04/2023 16:58:15

Noa Presas Bergantiños na data 17/04/2023 16:58:24

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/04/2023 16:58:31

María González Albert na data 17/04/2023 16:58:39





Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno do Parlamento- do conselleiro de Facenda e Administración Pública para informar do **"Desempeño fiscal do goberno autonómico no ano 2022"**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 52858
Data envío: 18/04/2023 09:24:43.975

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2023 7:24:27

CSV: BOPGDSPG-otArsgZM6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

As deputadas abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 144 e 98 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente na Comisión 8ª do director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica** para explicar as razóns das últimas decisións tomadas pola Consellería do Mar relativas á extracción de mexilla nos bancos naturais de Galiza.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Daniel Castro García

Carmela González Iglesias

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 12/04/2023 13:55:37

Carmela González Iglesias na data 12/04/2023 13:56:10





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 12/04/2023 13:56:19





Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo-, da directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN), co obxectivo de informar sobre a **Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr/a. presidente/a da Comisión 6ª - Industria Enerxía Comercio e Turismo



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2023 11:36:49
Nº Rexistro: 52713
Data envío: 13/04/2023 11:36:49.062

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/04/2023 9:36:45

CSV: BOPGDSPG-otArsgZM6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a estratexia deseñada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, aprobada no Consello da Xunta de 30 de marzo de 2023, para desenvolver a vivenda pública e protexida.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xaneiro de 2021 o presidente da Xunta anunciaba as liñas estratéxicas do *Pacto Social da vivenda 2021-2025*. Máis de dous anos despois, o Consello da Xunta ven de anunciar o seu desenvolvemento a través dun documento de *Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida*.

Porén, non existe ningún documento público sobre esta estratexia. Apenas coñecemos a breve información aos medios que se emite con posterioridade ao Consello da Xunta, na que se indica que para o ano 2026 o goberno galego pretende incorporar 1.800 inmobles novos ao parque público de vivenda. Segundo o anunciado, estas novas vivendas acadaríanse repartidas da seguinte forma:

- 959 vivendas promovidas polo IGVS.
- 260 vivendas promovidas por promotores privados e concellos.
- 157 vivendas co programa Rexurbe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- 331 vivendas con axudas para recuperar inmobles e edificios propiedade municipal.
- 125 vivendas adquiridas á SAREB

En primeiro lugar chama a atención que se computen como novo parque de vivenda pública modalidades como as vivendas promovidas por promotores privados, xa que estas non formarán parte do parque público de vivenda. Pero sen dúbida o máis rechamante é que o goberno prometa para 2026, é dicir, para a vindeira lexislatura o que non fixo nesta, na que si goberna.

É patente a inacción do goberno nesta materia, tanto nos últimos 14 anos nos que o PP gobernou, como nesta lexislatura. A mellor mostra é o feito de que esta estratexia se presente dous anos despois da aprobación do plan de vivenda para o período 2021-2025, establecendo obxectivos concretos para a seguinte lexislatura e unha vez finalizado o período de vixencia do plan.

A credibilidade do goberno galego en materia de vivenda pública é nula, xa que o partido que o sustenta prometeu no seu programa electoral de 2016 rehabilitar 1.500 vivendas co programa Rexurbe, incluso se comprometeron a chegar ás 3.000 vivendas rehabilitadas no programa de 2020, e no último informe publicado polo IGVS apenas había 10 inmobles rehabilitados.

A credibilidade deste anuncio está en entredito cando o goberno galego falsea a conta de resultados do anterior plan de vivenda inflando e falseando o número de novas vivendas de promoción pública creadas durante o período 2015-2020.

Os datos oficiais facilitados polo Observatorio estatal da vivenda indican que o número de novas vivendas de promoción pública creadas no ano 2014 foi de 0, 0 novamente en 2015, 0 en 2016, 0 en 2017 e 1 en 2018. Non se dispón de datos máis actualizados porque o goberno galego non os fai públicos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tampouco convida a crer que o anuncio das 1.800 vivendas sexa veraz, o feito de que non haxa orzamento suficiente para acadar este obxectivo. Ademais, o pouco orzamento que hai, nin tan sequera se executa. Resulta dificilmente crible que cun ritmo de investimento real como o de 2021, con apenas 4M€ executados para a promoción de vivenda pública se consigan os resultados anunciados. Tendo en conta todos estes aspectos, o anuncio do Consello da Xunta parece responder a outro novo anuncio propagandístico do PP que non se vai materializar.

Mentres tanto hai 16.000 persoas inscritas no rexistro de Demandantes de Vivenda agardando por unha vivenda pública. Estas miles de persoas que agardan por vivenda pública durante anos e anos no Rexistro de Demandantes de vivenda non precisan falsa propaganda que elección tras elección incumpre o PP, precisan compromisos concretos.

Por iso dende o BNG esiximos que esta estratexia, que xa tiña que estar deseñada dende o 2021, se concrete por anualidades, de forma que o goberno galego se comprometa xa para este 2023 a acadar resultados. Igualmente o goberno galego debera render contas ao respecto da creación de vivenda pública nos últimos anos facendo pública a información da que dispón.

O grupo nacionalista considera, ademais, que a estratexia para o incremento da vivenda pública debera ser máis ampla e ambiciosa. O noso país sitúase moi por baixo da media estatal na proporción de vivenda de promoción pública respecto ao total, con menos dun 0,4%, fronte ao case 1% do Estado. Estas cifras sitúannos á cola a nivel europeo nesta materia. A estratexia para a promoción de vivenda pública debera marcarse obxectivos máis ambiciosos e cunha estratexia máis ampla e detallada que nos permita acadar, alomenos, o 5% de vivenda pública.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza dos resultados en materia de vivenda pública acadados na última década?
- Cantas novas vivendas de promoción pública creou o IGVS nos anos 2021 e 2022?
- Cantas vivendas de promoción pública directa polo IGVS prevé crear o goberno para o 2023?
- Cantas vivendas promovidas por promotores privados e concellos se crearon nos anos 2021 e 2022?
- Cantas vivendas promovidas por promotores privados e concellos prevé crear o goberno para o 2023?
- Cantas novas vivendas se crearon co programa Rexurbe nos anos 2021 e 2022?
- Cantas vivendas prevé crear o goberno baixo o programa Rexurbe para o 2023?
- Cantas vivendas de propiedade municipal se incorporaron ao parque público de vivendas mediante axudas nos anos 2021 e 2022?
- Cantas vivendas de propiedade municipal se prevén incorporar ao parque público de vivendas mediante axudas no 2023?
- Vai o goberno galego a publicar a documentación da Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida?
- Cal é o total de novas vivendas que se incorporaron ao parque público de vivendas no ano 2019?
- Cal é o total de novas vivendas que se incorporaron ao parque público de vivendas no ano 2020?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cal é o total de novas vivendas que se incorporaron ao parque público de vivendas no ano 2021?
- Cal é o total de novas vivendas que se incorporaron ao parque público de vivendas no ano 2022?
- Cal é o total de novas vivendas que se prevén incorporar ao parque público de vivendas no ano 2019?
- Cal vai ser o investimento necesario para cada modalidade prevista por anualidade?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 10/04/2023 09:56:51

Xosé Luis Bará Torres na data 10/04/2023 09:56:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o recoñecemento das enfermidades profesionais das mariscadoras e redeiras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de décadas loitando, as asociación de mariscadoras e redeiras lograron no ano 2018 que se identificase, por primeira vez, o síndrome do túnel carpiano como unha doenza derivada do seu traballo.

A finais do ano 2019, a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social recoñeceu outras seis como doenzas propias destas profesionais do mar, provocadas polo desenvolvemento da súa actividade.

Malia isto, existen aínda enfermidades moi recorrentes neste sector que continúan sen serlle recoñecidas e que son propias do seu traballo e das condicións nas que o desenvolven: Artrose, artrite, dores de costas, trastornos músculo-esqueléticos na columna, infeccións de urina, etc.

Despois de máis de tres anos do recoñecemento daquelas seis doenzas, as traballadoras do sector marisqueiro aínda seguen a reclamar a súa identificación como profesionais por todo o persoal facultativo, cos inconvenientes e prexuizos que disto se deriva, tanto para a súa saúde, para o seu tratamento e tamén a nivel económico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As asociacións de mulleres do mar calculan que o 90% das enfermidades profesionais deste colectivo son catalogadas como comúns, cando o 80% son derivadas do seu traballo.

Por outra banda, a recentemente aprobada Lei 5/2023, de Pesca Sostíbel e Investigación Pesqueira, recolle na súa Disposición Final Segunda a modificación da Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro e introduce na mesma unha Disposición Adicional Sétima-Elaboración dun catálogo de enfermidades profesionais, que recolle que “O Ministerio competente elaborará un Catálogo de Enfermidades Profesionais propias dos e das traballadoras do mar, atendendo de xeito específico ás condicións de penosidade e exposición a axentes físicos que sofren as persoas que se adican á recollida do marisco, tanto a pé como a frote, ao cultivo do mexillón en batea, á recollida de percebes na rocha, así como os mergulladores en apnea para a recolección de recursos específicos”.

Sen dúbida, este catálogo traerá aspectos moi positivos para avanzar na profesionalización e na dignificación das condicións sociolaborais que moitas traballadoras e traballadores do mar levan anos agardando e que, só no sector marisqueiro, abranguen en Galiza a preto de 4.000 persoas, a gran maioría delas mulleres. Deste total, o 65% teñen máis de 40 anos e o 32% entre 50 e 60 anos.

Un sector, pois, especialmente avellentado que require que as doenzas que xa están recoñecidas como profesionais se identifiquen como tais en todos os casos e que os pasos dados para que se leve a cabo un catálogo de enfermidades profesionais se efectiven canto antes.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que valoración fai o Goberno galego do traballo das asociacións de mulleres do mar para a dignificación das súas condicións sociolaborais?

. Que valoración fai da contribución da propia Xunta de Galiza a esa dignificación?

. Que actuacións concretas ten levado a cabo nos últimos nese sentido?

. Dispón de datos estatísticos sobre as incapacidades temporais das mariscadoras e redeiras? E das que se recolleron como doenzas relacionadas co seu traballo? Se é así, que conclusións extrae deses datos?

. Considera necesario sensibilizar ao persoal facultativo do Sergas e das mutuas de traballo sobre as doenzas profesionais dos traballadores e traballadoras do mar? Se é así, que medidas vai tomar ao respecto?

. Considera que é urxente a elaboración dun catálogo de enfermidades profesionais no sector do mar? Se é así, vai solicitar ao Goberno do Estado que o poña en marcha canto antes?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2023

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 10/04/2023 11:10:58

Carmela González Iglesias na data 10/04/2023 11:11:03

Rosana Pérez Fernández na data 10/04/2023 11:11:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a urxencia de dotar a atención na sanidade galega de intérpretes de lingua de signos a atención ás persoas xordas e con deficiencias auditivas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, celebrada o 25 de febreiro de 2021, aprobaba por unanimidade o seguinte acordo impulsado polo grupo parlamentario do BNG:

“O Parlamento galego insta a Xunta a asegurar a comunicación das persoas xordas no acceso á sanidade pública galega demandando da Consellería de Sanidade o compromiso de creación dunha bolsa de intérpretes a disposición do colectivo de persoas xordas as 24 horas do día.”

Perante o inexplicábel incumprimento deste acordo parlamentario por parte do goberno do Partido Popular, desde o grupo parlamentario do BNG volvemos impulsar un novo acordo unánime na Comisión 5ª celebrada o 10 de novembro de 2022 que ficou recollido nos seguintes termos:

"O Parlamento galego insta a Xunta a dar cumprimento ao acordo parlamentario unánime do 25 de febreiro de 2021 co obxectivo de garantir unha comunicación de calidade para as persoas xordas no acceso á sanidade pública galega, demandando da Consellería de Sanidade o compromiso de creación dunha bolsa de intérpretes a disposición do colectivo de persoas xordas as 24 horas do día."





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Superados os dous anos da consecución do primeiro mandato parlamentario e cinco meses do segundo, o goberno da Xunta persiste na insensibilidade e abandono cara ás persoas xordas ao non lle dar cumprimento aos dous acordos, ignorando, por unha banda, o valor de representación da soberanía popular desta cámara e reforzando, pola outra, a vulneración dun dereito básico como é o dereito á saúde, negándolle ás persoas xordas e con discapacidade auditiva a comunicación a través da presenza de intérpretes de lingua de signos nun momento de gran vulnerabilidade como é a enfermidade.

O colectivo das persoas xordas non é quen de entender esta actitude pasiva e insensíbel por parte da Consellería de Sanidade quen, ao longo de case dous anos e medio, non foi quen, ou non tivo vontade, de iniciar ningún procedemento que comezase a resolver un inxustificábel retraso por parte de quen debe actuar como goberno que atenda as necesidades da sociedade galega.

No BNG non aceptamos que desde o goberno galego suman na frustración as persoas xordas nin toleramos a indigna actuación da Consellería de Sanidade que segue a vulnerar os dereitos fundamentais das persoas xordas para recibir asistencia sanitaria en igualdade de condicións ao resto da cidadanía.

Urxe reparar o camiño da desigualdade polo que transita o goberno do PP prolongando un agravio que condena as persoas xordas e con discapacidade auditiva á indefensión na atención da sanidade pública galega.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Por que o goberno non fixo efectivos os dous acordos unánimes desta cámara para dotar o acceso á sanidade pública?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- É consciente o PP do dano que está a provocar nas persoas xordas condenándoas á incomunicación no acceso á sanidade pública?

- Por que o goberno persiste en manter a exclusión das persoas xordas e a vulneración do dereito ao atendimento e coidado da saúde en condicións de igualdade e equidade?

- Cando vai a Xunta dotar a asistencia sanitaria de intérpretes de lingua de signos a disposición do colectivo de persoas xordas as 24 horas do día co obxectivo de garantir unha comunicación de calidade no acceso á sanidade pública galega?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/04/2023 12:37:38

Daniel Castro García na data 11/04/2023 12:37:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 11/04/2023 12:37:55



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Carmen Rodríguez Dacosta e Gonzalo Caballero Míguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **interpelación**.

Durante os catorce anos de goberno ininterrompido do Partido Popular na Xunta de Galicia a mellora da situación do mercado laboral nunca foi unha prioridade, caracterizándose por un escaso dinamismo e un alto índice de precariedade, inestabilidade, perda de dereitos e un alarmante incremento da fenda xeracional, sendo a crise económica de 2008 e a reforma laboral posta en marcha polo PP as causas con maior peso desta situación. O Goberno galego no canto de empregar a súa competencia e os recursos públicos de maneira eficiente para loitar contra esta situación dedicouse ao *marketing* propagandístico redundando nos mesmos erros.

A creación de emprego estable e de calidade supón un elemento fundamental no desenvolvemento e avance da economía, sendo o pilar clave no benestar dunha sociedade que permite o crecemento da cidadanía e impulse a actividade económica a todos os niveis. En tan só un ano e medio, España logrou recuperar os niveis de afiliación á Seguridade Social previos á pandemia, creándose emprego en todos os sectores económicos.

A reforma laboral acadada entre o Goberno do Estado e os axentes sociais estase mostrando como a mellor ferramenta para consolidar un marco de creación de emprego estable e de calidade, que incentiva a contratación indefinida fronte á temporalidade, reduce o número de tipos de contratos e limita a contratación temporal a un máximo de tres meses por ano, fomentando



o contrato fixo discontinuo. Así mesmo, o novo marco laboral recupera a negociación colectiva situándoa no corazón do novo modelo de relacións laborais, aumentando os dereitos dos empregados e recuperando a ultraactividade indefinida, ao tempo que se incrementan as sancións por contratación irregular e se impulsa a formación dos traballadores e traballadoras. E partindo da boa experiencia que deron os ERTE ao longo da crise económica durante a pandemia, súmase a regulación dun novo instrumento, o Mecanismo RED de Flexibilidade e Estabilización do Emprego como alternativa o despedimento, como forma de flexibilidade interna das empresas e impídense os ERE nas administracións públicas.

En definitiva, créase un marco laboral que permite reducir a temporalidade, reforzar a creación de emprego de calidade e dar seguridade xurídica ás empresas ao mesmo tempo que se cumpre co compromiso adquirido coa Comisión Europea para lograr o seu aval e percibir os fondos europeos.

Recentemente o Goberno remitiu aos grupos parlamentarios a execución dos créditos orzamentarios correspondentes ao exercicio 2022 e, ao igual que en exercicios anteriores, os socialistas puidemos comprobar como novamente o Programa 32. Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo é dos que peor execución orzamentaria presenta, un 56,5 % de execución sobre os créditos iniciais, quedando partidas como 322A-Fomento da empregabilidade nun 41,2 % ou nas partidas 323A e 323B que só acadaron o 43 % e 45,9 % respectivamente.

O actual Goberno da Xunta de Galicia nesta lexislatura deixou sen executar o 55 % dos fondos de formación para parados, o 78 % dos fondos de formación para ocupados e o 53 % dos fondos destinados á mellora da empregabilidade, deixando en consecuencia sen instrumentos de adaptación ás necesidades actuais tanto ás persoas paradas como ocupadas.



Ante esta situación a deputada e o deputado que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai o Goberno galego ante a baixa execución ano tras ano do programa destinado á promoción do emprego e institucións do mercado de traballo?
2. Pode dicirnos o Goberno galego, cales son as razóns desta baixa execución ano tras ano?
3. En que medidas e en que contías se ten materializado a execución orzamentaria correspondente ao exercicio 2022?
4. Considera o Goberno galego que a situación do mercado de traballo en Galicia está sendo considerado como eixe prioritario do crecemento económico e social do noso país?
5. Como vai abordar o Goberno galego neste exercicio 2023 a promoción do emprego para executar a totalidade dos fondos destinados a estes programas?
6. Canto ten recibido o Goberno galego dende 2020 do Goberno do Estado cada ano para a promoción do emprego na nosa comunidade?

Parlamento de Galicia, 11 de abril de 2023

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

190017

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2023 13:50:05
Nº Rexistro: 52665
Data envío: 12/04/2023 13:50:05.156

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/04/2023 13:37:43

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/04/2023 13:37:59

Gonzalo Caballero Míguez na data 12/04/2023 13:38:12

CSV: BOPGDSPG-otArsgZM6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
190018

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a apertura de vías de comercialización de carne ecolóxica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As dificultades de comercialización dos produtos primarios no noso país é evidente e amosouse nestes últimos anos máxime despois da COVID. As estratexias que prantexou o goberno da Xunta para combater a situación de estrangulación do sector nesta época foron claramente insuficientes e as vendas a perdas seguiron a producirse por non ter unha lei de calidade alimentar nin estatal nin autonómica que resultara eficiente para evitalas.

Os prezos da carne en xeral son obxectivamente elevados no supermercado e obxectivamente insuficientes e descompensados para os e as produtoras, e por suposto están marcados pola distribución non segundo cálculos oficiais destes custes de produción. Contan con outras dificultades relativas ás políticas de condicións de peso e pagos dos matadoiros que dependendo das circunstancias computan de xeito diverso as partes do animal, polas que pagan xunto coas canais, segundo sexa catalogada como canal europea ou non.

Para as producións ecolóxicas de carne as dificultades increméntanse, recoñecéndolle as dificultades da gandería en xeral ás que debemos sumar as dificultades propias de producir en ecolóxico, os piensos ecolóxicos teñen un custe





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

superior por Kg e os animais deben cumprir cunha serie de requisitos de pastoreo. A máis de todo isto leva apareladas unha serie de prácticas de cultivos e coidado dos pastos que precisan máis inversións.

Por riba do anterior as vías de comercialización propias do ecolóxico case non existen, sendo polo tanto máis rendible para as produtoras e produtores a venda en convencional ao non poder vender toda a produción en ecolóxico.

Neste tempo estamos vendo que as producións ecolóxicas despiden o anterior período da PAC pasando por serias dificultades precisamente porque, despois de promover este tipo de producións, a Xunta de Galiza e o seu goberno non tivo en conta o incremento de hectáreas nas solicitudes de incorporación o que motivou que quedaran fóra destas axudas moitas das novas hectáreas de incorporación e probablemente algunhas que viñan percibindo axudas polo simple feito de non ter orzamento suficiente.

A isto hai que engadirlle a entrada do novo período da PAC onde cambia o marco para todo o mundo, tamén para a produción cárnica ecolóxico, entre outras cuestións o FOGGA vai exixir que unha parte da produción se comercialice como tal, cando é constatábel que non hai canles de comercialización.

Non hai un traballo feito no noso país a prol destas producións de carne polo que existe un risco severo de que esta exixencia sexa unha traba máis para a venda de parte desta carne por riba dos custes de produción, o cal ben pode repercutir negativamente unha vez máis na economía destas granxas.

Tampouco se ten feito o traballo de concienciar á poboación sobre como diferenciar as producións que se atopan baixo distintos selos de calidade, nin tampouco se ten feito traballo coas diversas superficies comerciais, xenéricas, especializadas, grandes ou pequenas para que lle destinen un lugar ás producións ecolóxicas de carnes, para que se estenda esta oferta e se cree demanda por todo o país, máis alá do que se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poida mercar en determinadas superficies das cidades máis grandes do país e que isto se faga a prezos razoables para que todo tipo de persoas consumidoras poidan acceder a estes produtos de calidade.

A única maneira de que a nosa superficie agraria sume hectáreas para a produción ecolóxica é posibilitar que sexa rendible para que as e os produtores poidan manter un nivel de renda adecuado e para isto a administración ten que ter unha actitude moito máis proactiva en torno á produción pero tamén á comercialización desta carne por riba dos custes de produción sen que isto se volva inasumíbel para as consumidoras.

É cuestión de darlle un enfoque ás axudas da PAC para poidan provocar un cambio real no sistema produtivo primario do noso país, no canto de establecer medidas que nos fagan salvar as inspeccións que europeas pero que non produzan un cambio real nos nosos sistemas produtivos e isto non se consegue sen que haxa circuítos de venta para as producións a uns prezos que compensen a súa produción, non sendo en ningún caso suficiente establecer un sistema de cómputo que non se recolle en ningunha normativa e que polo tanto non é oficial e non obriga en ningún caso ás empresas que compren e aos seus intermediarios a respectalos.

A nova PAC precisa dunha seria atención por parte das gandeiras e gandeiros, engadir a exixencia de venta de parte da produción en ecolóxico o que fai é incrementar máis as penurias que está a sufrir o sector.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

-Vai o Goberno da Xunta tomar medidas para que a produción cárnica galega en ecolóxico teña vías adecuadas de comercialización e poida acadar un prezo acorde que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

satisfaga os custes de produción e deixe ganancia económica suficiente para a granxa produtora?

-Como pensan vostedes resolver a falta de apertura de mercados e mercados de proximidade para a carne ecolóxica galega?

-Van vostedes establecer os mecanismos axeitados para que o feito de producir carne ecolóxica acreditada supoña un beneficio claro para as granxas produtoras que aposten por este modelo de produción e certificación?

-Teñen avaliado o número de granxas que estiveron acreditadas no CRAEGA no pasado inmediato e que xa non o están no presente e que pode motivar este feito?

-Consideran que o selo do CRAEGA lle aporta valor a esta carne, lle facilita a venda diferenciada nas superficies comerciais e nos mercados de proximidade?

-Cales son os factores que inflúen en que a maioría dos e das produtores teñan que vender en convencional, téñenos detectados?

-Que consideran que teñen que modificar para que o orzamento que acompaña á PEPAC realmente modifique estruturalmente o sistema produtivo dende o inicio ata o remate no mercado de modo que se camiñe cara o afianzamento da produción e do consumo?

-Son conscientes que a industria está a apostar agora e no futuro por unha equiparación nas calidades e nos prezos da produción convencional coa ecolóxica? Como farán para garantir a súa diferenciación?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 13/04/2023 10:35:14

Xosé Luis Rivas Cruz na data 13/04/2023 10:35:21

María del Carmen Aira Díaz na data 13/04/2023 10:35:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre o incremento dos gastos enerxéticos nos centros de ensino galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas son varios os centros de ensino galegos que están a denunciar un incremento desorbitado dos gastos enerxéticos. Estamos a falar de centros de ensino que chegan a duplicar os gastos derivados da factura da luz a respecto do pasado curso.

Ante esta situación, os centros de ensino teñen que facer fronte a estes custes (un dos máis elevados para calquera centro) cunha partida destinada a gastos de funcionamento que foi establecida para uns gastos enerxéticos que eran da metade no curso anterior. Esta situación ten unha incidencia directa na calidade educativa xa que o diñeiro que se adica a pagar este incremento no recibo enerxético, non se pode adicar á outras medidas de mellora da calidade educativa nos centros.

Tal e como denuncian estes centros, os prezos contratados pola administración na renovación do contrato eléctrico teñen un impacto en moitas ocasións inasumible, cuns prezos por kw. que están moi por riba dos que se pagan en calquera establecemento privado ou nos propios fogares.

Esta realidade está a provocar unha grande preocupación na comunidade educativa polo que se formula a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Vai a Consellaría de Educación habilitar unha partida extraordinaria destinada a gastos de funcionamento dos centros para que os centros de ensino poidan facer fronte aos incrementos dos prezos da enerxía?

-Cales foron os motivos polos que se está a producir un incremento nos gastos enerxéticos dos centros de ensino galegos que chegan a duplicar o prezo do pasado curso?

-Cales son as condicións do contrato para o subministro enerxético aos centros de ensino galegos do presente curso?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2023

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 13/04/2023 12:09:25

Mercedes Queixas Zas na data 13/04/2023 12:09:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/04/2023 12:09:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre as medidas que debe realizar o goberno galego para garantir o dereito á educación no actual contexto económico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación económica que están a pasar as familias galegas é cada día máis difícil. Unha realidade que ven a ser reflectida en todos os indicadores económicos e que fai que calquera fogar no que haxa persoas estudando, se enfrente a unhas dificultades económicas ante as que o goberno galego non pode poñerse de perfil.

Os últimos datos económicos publicados polo IGE confirmaban que no noso país os prezos rexistraron un aumento do 6,4%, catro décimas máis que no conxunto do estado (6,0%). Mais por se isto non fose dabondo, a variación interanual da inflación subxacente (índice xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos) foi dun 8,2%, dúas décimas superior á rexistrada en xaneiro (8,0%) e seis décimas superior á rexistrada a nivel estatal (7,6%).

Polo tanto, estamos ante un contexto económico no que as familias galegas afrontan unha crise de prezos que ten incidencia directa en bens básicos como a vivenda ou a alimentación. Unha realidade que é dura para calquera familia pero que se fai insoportable cando estamos a falar de fogares nos que hai fillos ou fillas en idade escolar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo se desprende dun estudo realizado pola OCU, as familias, ademais de todo o que supón a crise de prezos, deben afrontar uns gastos medios de 1950 € por cada fillo en idade escolar no inicio de curso.

Por se isto non fose dabondo, no caso das matrículas nas universidades galegas, o custes que debe asumir cada alumno oscila entre os 550€ e os 850€. Se a estes gastos engadimos outros aos que ten que facer fronte calquera estudante como son os gastos do aluguer da vivenda, a electricidade ou a manutención, teremos un reflexo da realidade económica que están a padecer as familias galegas nas que hai persoas estudando.

Dende o BNG entendemos que ante esta realidade, o goberno galego debe dar unha resposta. Unha resposta que alén das competencias doutras administracións, están definidas tamén para o goberno galego no artigo 31 do Estatuto de Autonomía ou na propia lei do SUG que establece no seu artigo 108.1 que *“sen prexuízo das competencias do Estado, a Xunta de Galicia articulará unha política en materia de axudas e bolsas ao estudo e á investigación, mediante convocatorias anuais, para garantir que todo o estudantado que cumpra as condicións para cursar estudos universitarios con aproveitamento poida acceder, en condicións de igualdade, aos estudos universitarios e poida desenvolverlos sen ser excluído por razóns económicas.”*

Polo tanto, estamos ante unha realidade económica na que se fai máis preciso ca nunca que dende a Xunta de Galiza se establezan medidas destinadas a paliar os efectos desta crise.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

-Ten pensado o goberno galego habilitar un mecanismo extraordinario de bolsas destinadas tanto ao ensino obrigatorio como ao ensino universitario para que todas as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

familias con rendas per cápita inferiores a 12.000 € na que haxa persoas estudando poidan facer fronte aos gastos académicos?

-Vai a Xunta de Galiza iniciar os trámites para que a primeira matrícula nas universidades públicas galegas sexa gratuíta no vindeiro curso académico a través dunha partida específica para tal fin con cargo aos orzamentos da Xunta que evite a perda de ingresos das universidades?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2023

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 13/04/2023 12:58:37

Daniel Castro García na data 13/04/2023 12:58:40

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/04/2023 12:58:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e Montserrat Prado Cores, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a Serra do Suído.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A serra do Suído forma parte do sur da Dorsal Galega, un sistema montañoso que se estende de norte a sur de Galiza e que na provincia de Pontevedra está conformado polas serras do Candán, O Cando, O Testeiro, O Faro de Avión e O Suído.

O Suído esténdese por polos concellos de A Lama, Avión, Beariz, Covelo, Fornelos e Mondariz ao longo de 492 km², configurando un espazo con identidade propia, con unha historia común e con unha grande riqueza natural e cultural.

A ubicación próxima á costa e as altitudes de máis de 1.000 metros fan que esteamos ante unha das serras de maior pluviosidade de toda a península ibérica, con máis de 2.400 mm de precipitación media anual. Os ríos que nacen na serra, o Tea, o Avia e o Verdugo-Oitavén son dos mellor conservados da demarcación Galiza-Costa, tanto pola calidade das augas, pola boa conservación das ribeiras e pola variedade de flora e fauna.

A orografía, o clima, a paisaxe, a historia fan da serra do Suído un espazo de extraordinarios valores ambientais, culturais e sociais que é necesario preservar e dinamizar no seu conxunto, prevendo impactos que alteren os equilibrios e fomentando actividades sustentábeis e creadoras de valor engadido.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Atendendo a riqueza ambiental e á súa importancia para a preservación da biodiversidade, nos anos 2008 e 2012 iniciáronse senllos procedementos para a declaración de parte da serra do Suído (aproximadamente 110 km²) como Lugar de Importancia Comunitaria (actualmente ZEC) e a conseguinte inclusión na Rede Natura 2000, iniciativas que non chegaron a concluírse malia as demandas da Comisión Europea para que se protexesen hábitats de interese prioritario presentes na serra. No ano 2008 tamén se iniciou o procedemento para a ampliación do LIC Rede Natura 2000 Río Tea coa inclusión do Alto Tea, sen que tamén neste caso chegase a facerse realidade a declaración.

No Suído e Alto Tea existen 12 tipos de hábitats de interese comunitario (Directiva Hábitats), dos cales 4 son de interese prioritario (en risco de desaparición): as turbeiras altas activas (7110*), os bosques aluviais de amieiros e freixos (91EO*), as matogueiras húmidas atlánticas ((4020*) e os bosques de ladeiras, desprendementos ou barrancos (9180*).

A serra do Suído e o Alto Tea atesouran un grande número de formacións de turbeira, hábitat de grande interese para a biodiversidade e para a prevención e mitigación do cambio climático. As turbeiras funcionan como reguladoras do ciclo hidrolóxico, xa que actúan como unha especie de esponxas que reteñen a auga da chuvia e vana liberando gradualmente. Caracterízanse pola presenza dunha grande variedade de flora e fauna, entre a que se inclúen especies en perigo de extinción.

En total están rexistradas 53 formacións de turbeira que ocupan unha superficie total de 80,8 ha. As turbeiras máis extensas atópanse no Suído: Chan do Libro con 10 ha de superficie, As Pontellas (8ha), Coto de Eiras e Outeiro Vello (5 ha cada unha). A maior parte das turbeiras sitúanse na cabeceira da conca do Oitavén-Verdugo (32). O río Tea e os seus afluentes suman un total de 20 formacións de turbeira mentres que na



cabeceira do Avia só se rexistra unha (O Pozo Novo). O 78% destas formacións están situadas nos concellos da Lama e O Covelo.

	Número	Superficie
Covelo	23	31,4 ha (38,8% do total)
A Lama	16	32 ha (39,6%)
Fornelos	10	11,4 ha (14,2%)
Mondariz	2	5,2 ha (6,4%)
Avión	2	0,8 ha (1%)

A parroquia de Campo (Covelo) é a que rexistra un maior número de turbeiras, denominadas “porcas”, que ocupan un total de 20 hectáreas.

Unha parte destas turbeiras aparecen recollidas no Inventario de humidais de Galiza (2003) mais ao longo de 20 anos sufriron numerosas agresións e alteracións. Existe unha proposta para declarar as brañas do Suído como Humidal protexido e como humidais incluídos na listaxe internacional Ramsar (*Conservación e xestión dos humidais en Galicia*, IBADER, 2017, ®Pablo Ramil-Rego, Luís Gómez-Orellana e Javier Ferreiro da Costa editores). No mes de marzo de 2023, unha parte dos humidais do Suído foron incluídos no Inventario de zonas húmidas de Galiza (DOG do 13 de marzo de 2023).

O río Parada do Valdohome, afluente do Oitavén, que ten as súas nacentes na serra do Suído, foi declarado Reserva Natural Fluvial atendendo ao seu bo estado de conservación e aos valores naturais que atesoura. Por este motivo, a súa bacía debe ser obxecto de especial protección e precaución, evitándose as agresións e alteracións da súa contorna.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. A serra representa unha mesma unidade etnográfica, composta por toda a rede de construcións gandeiras estacionais da Serra do Suído e Alto Tea. Os chozos ou chozas, sesteiros, curralas e cortellos ou parideiras atópanse diseminados de tal modo que se insiren na paisaxe beneficiándose das súas características ambientais e orográficas, para se asentar ora nas pequenas valgadas e chans, para aproveitaren os seus pastos, ora nos cumes ou cotos para aproveitaren a tendencia espontánea do gando para sestar neles.

Estas construcións facíanse mediante a técnica da “pedra seca” ou “cachotería en seco”, unha técnica de construción tradicional que foi incluída na listaxe do patrimonio inmaterial da UNESCO no ano 2018.

Empregáronse até a segunda metade do século XX para o pastoreo do gando na estación estival. Organizábase mediante un sistema de rolda, na que participaba de xeito rotatorio a veciñanza dos lugares aos que pertencía cada chozo.

A paisaxe da serra do Suído foi recoñecida como Paisaxe Cultural polo Instituto del Patrimonio Cultural de España (IPCE) e incluída no Plan de Paisaxes Culturais na categoría de “Actividades agrícolas, gandeiras e forestais” nas que se inclúen os “sistemas agro-silvo-pastorís históricos”.

Ademais dos conxuntos etnográficos relacionados coa actividade gandeira, na serra teñen unha importante representación os foxos ou “forcas” do lobo, construcións de grandes dimensións situadas nas valgadas e formadas por valados en forma de V que converxen nun pozo (foxo) a onde se conducía o lobo en batidas colectivas. No Suído e Alto Tea existen 6 foxos do lobo, o máis espectacular dos cales é o Foxo da Portela, no Coto de Eiras.

Outras das manifestacións senlleiras do Suído son os camiños tradicionais, pola situación estratéxica do Suído como lugar de paso entre importantes comarcas do país.



Cabe sinalar a este respecto o Camiño dos Arrieiros, que comunica O Ribeiro con Pontevedra, o Camiño Breeiro que ía cara Aciveiro e Compostela; o camiño da Brea que comunicaba a reitoral de Barcia de Mera co Mosteiro de Melón; e a Calzada do Alén, un camiño empedrado que vai pola marxe dereita do río Alén desde a Ponte de San Xoán do Mosteiro até o concello de Fornelos.

4. Toda esta inmensa riqueza de patrimonio cultural e natural do Suído viuse mermado e sometido a múltiples agresións, que se poden agravar de maneira irreparábel debido a proliferación de proxectos mineiros e de parques eólicos.

Con respecto aos parques eólicos, a Comisión Europea (EC, 2010) identifica os impactos na fase de construción do parque en canto á perda de superficie ocupada por hábitats de interese comunitario debido á apertura de viais, cimentación dos aeroxeradores, instalación de liñas áreas e subterráneas, construción de centrais eléctricas e edificacións auxiliares, introdución de especies invasoras, etc. Tamén fai referencia aos impactos na fase de explotación, pola mortalidade que causan os aeroxeradores na avifauna e polo incremento do ruído.

No caso de humidaís, a creación de pistas e drenaxes alteran a hidroloxía superficial. Os viais acostuman a converterse en receptores de augas de grandes superficie de terreo, que son transportadas a lugares afastados por medio das gabias.

Nos últimos anos, no contexto do boom eólico, estanse a tramitar numerosos proxectos de parques eólicos na Serra do Suído, no Alto Tea e no Faro de Avión. Na tramitación destes proxectos industriais débese ter en conta o establecido na lei 5/2019 do patrimonio natural e a biodiversidade, que consolida a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, o principio de precaución a respecto das intervencións que poidan afectar negativamente ao patrimonio natural e a biodiversidade, e mais a prevención dos problemas derivados do cambio climático.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En relación con esta última cuestión cómpre avaliar a incidencia dos parques eólicos e das súas infraestruturas nos recursos hídricos, co obxecto de preservar a función do Suído como gran colector de auga que abastece as concas do Avia, Oitavén-Verdudo e Tea.

Por outra parte, o solo afectado polos proxectos sectoriais vai experimentar unha radical modificación na súa cualificación urbanística e o seu uso, xa que pasa a cualificarse como solo rústico de especial protección de infraestruturas. Na práctica supón abrir paso a un proceso de explotación industrial de espazos de grande interese ambiental, cultural e paisaxístico.

En relación coa afección á paisaxe, cómpre ter en conta que o Catálogo das Paisaxes de Galicia inclúe a Serra do Suído como Área de Especial Interese Paisaxístico (AEIP _08_15), polo que se deberá estar ao disposto na Lei 7/2008, de 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia. Resulta evidente que a construción de até 16 parques eólicos e as súas correspondentes infraestruturas van terían un enorme impacto visual na paisaxe da serra.

5. Calquera planificación do desenvolvemento de enerxías renovábeis debe facerse contando coa participación dos concellos e a veciñanza, debe respectar os valores ambientais e culturais do territorio, debería ter como contrapartida o abaratamento do prezo da enerxía eléctrica e debería ter como principais beneficiarias as comunidades locais.

Recentemente, a Xunta vén de informar negativamente varios proxectos de parques eólicos situados na serra do Suído, atendendo ao seu impacto paisaxístico, aos efectos sinérxicos e acumulativos (efecto barreira) e a afección a especies protexidas, nomeadamente as aves.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En relación coa tramitación do parque eólico Coto das Airas, logo reconvertido como Carballoso (de tramitación estatal por ter unha potencia de 51MW), situado nos concellos de Fornelos, A Lama e Avión, a dirección xeral de Patrimonio Natural da Xunta emitiu informes desfavorábeis polo impacto negativo no patrimonio natural e en especies protexidas. Un dos argumentos clave para esta avaliación foi que “neste momento están en estudo distintos espazos ben conservados que reúnen importantes valores ambientais pola presenza de turbeiras e hábitats asociados insuficientemente representados na Rede galega de espazos naturais. En dito estudo, ademais da cartografía detallada dos hábitats, están presentes cuestións como a conectividade das especies e o mantemento das condicións dos equilibrios hídricos, fundamentais neste tipo de formacións vexetais.

Doutra banda, esta a tramitarse actualmente un volume importante de proxectos de desenvolvemento eólico que se superpoñen con estes espazos e que se amosan incompatibles coa conservación dos valores naturais presentes neles, o que representa un factor de perturbación que ameaza de modo significativo o seu estado de conservación e as obrigas de conservación que debe atender a Xunta de Galicia.

En consecuencia, en aplicación do artigo 46.1 da Lei 5/2029 de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, **procede informar negativamente a instalación de aeroxeradores e subestacións na devanditas zonas**, así como o resto de infraestruturas asociadas”.

En consecuencia con este informe, referido ao parque eólico Coto das Airas e reiterado nos mesmos termos para o parque eólico Carballoso, o goberno galego debe aplicar o procedemento previsto nos artigos 45 e 46 da lei 5/2019.

E tendo en conta dos demais valores patrimoniais, socioculturais e humanos da serra do Suído, debe impulsar, en coordinación cos concellos e co tecido social da contorna, un conxunto de medidas de conservación, de recuperación e dinamización.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- . Considera o goberno galego que están suficientemente protexidos os valores ambientais dos hábitats de interese comunitario, como por exemplo os da serra do Suído que conta con 12 hábitats, catro dos cales son de interese prioritario?
- . Ten previsto o goberno galego incoar o procedemento para a protección da serra do Suído baixo a figura da Rede Natura 2000?
- . Que plans de actuación desenvolveu ou prevé desenvolver a Xunta para a protección e conservación dos humidais e das turbeiras do serra do Suído?
- . Que actuacións prevé desenvolver o goberno galego para a protección dos valores paisaxísticos e dos recursos hídricos da serra do Suído e Alto Tea?
- . Ten previsto o goberno galego establecer o réxime de protección cautelar e preventiva previsto na lei 5/2019, coa finalidade de evitar o risco de destrución irreversible de especies e hábitats de interese comunitario e de interese prioritario presentes na serra do Suído?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/04/2023 13:31:14

Noa Presas Bergantiños na data 13/04/2023 13:31:18

Xosé Luis Bará Torres na data 13/04/2023 13:33:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á necesidade de crear unha Unidade de Muller e Saúde para impulsar unha estratexia integral para a atención á saúde das mulleres.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Foi nos anos 60 cando o movemento feminista empezou a mostrar o nesgo de xénero na atención sanitaria das mulleres, a pesares de que se ten mellorado algo en canto ao estudo de homes e mulleres en medicina, en moitos aspectos apenas se ten avanzado.

50 anos despois, na sanidade sigue sendo maioritario o modelo androcéntrico de atención, que toma de referencia ao home, o comportamento do corpo masculino no diagnóstico, na abordaxe terapéutica e na investigación. A pesares de que hai evidencia e confirmación das carencias, dos déficits denunciados.

Esa evidencia fai precisa a abordaxe das actuacións que ten que desenvolver o sistema sanitario para garantir o dereito á saúde das mulleres con calidade, eficacia e equidade. Unha abordaxe que contemple os múltiples factores que determinan a nosa saúde e que incorpore á análise a perspectiva de xénero.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A evidencia demóstranos que moitas enfermidades preséntanse con maior frecuencia entre as mulleres, como as enfermidades reumatolóxicas ou as autoinmunes; outras maniféstanse de forma diferente, como a cardiopatía isquémica, unha mesma enfermidade poden presentar síntomas distintos, poden responder diferencialmente aos tratamentos ou ter consecuencias distintas.

Non ter todo isto en conta pode significar que os síntomas non sexan recoñecidos nin polas mulleres nin por profesionais, e dar lugar a infradiagnósticos, diagnósticos tardíos ou inexactos en mulleres porque non responden ao patrón tipo.

Consideramos necesario modificar o modelo sanitario, revisar as políticas sanitarias para dotalas de equidade de xénero. Poñer en marcha unha estratexia para a atención integral da saúde das Mulleres. Para facer visíbeis as diferenzas en saúde e eliminar as desigualdades nas prestacións, como ferramenta de intervención e planificación, con actuacións a desenvolver no conxunto do sistema sanitario.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Considera a Xunta que as mulleres en Galiza teñen unha atención integral á súa saúde?

Ten realizado algunha avaliación para detectar nesgo de xénero na atención sanitaria que reciben as mulleres galegas?

Parécelle razoábel que unha muller tarde unha media de oito anos para ter un diagnóstico de endometriose ou dez para a fibromialxia?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas vai tomar para reverter a situación de que Galiza teña unha das rateo de matronas máis baixa do Estado español?

Coida que a saúde das mulleres está presente ao mesmo nivel que a dos homes na investigación sanitaria?

Cal é a porcentaxe de mulleres nos ensaios clínicos que se realizan en Galiza?

Considera que o enfoque de xénero está presente na formación das profesións sanitarias?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/04/2023 14:15:09

Iria Carreira Pazos na data 13/04/2023 14:15:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 13/04/2023 14:15:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o recoñecemento das enfermidades profesionais das mariscadoras e redeiras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de décadas loitando, as asociación de mariscadoras e redeiras lograron no ano 2018 que se identificase, por primeira vez, o síndrome do túnel carpiano como unha doenza derivada do seu traballo.

A finais do ano 2019, a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social recoñeceu outras seis como doenzas propias destas profesionais do mar, provocadas polo desenvolvemento da súa actividade.

Malia isto, existen aínda enfermidades moi recorrentes neste sector que continúan sen serlle recoñecidas e que son propias do seu traballo e das condicións nas que o desenvolven: Artrose, artrite, dores de costas, trastornos músculo-esqueléticos na columna, infeccións de urina, etc.

Despois de máis de tres anos do recoñecemento daquelas seis doenzas, as traballadoras do sector marisqueiro aínda seguen a reclamar a súa identificación como profesionais por todo o persoal facultativo, cos inconvenientes e prexuizos que disto se deriva, tanto para a súa saúde, para o seu tratamento e tamén a nivel económico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As asociacións de mulleres do mar calculan que o 90% das enfermidades profesionais deste colectivo son catalogadas como comúns, cando o 80% son derivadas do seu traballo.

Por outra banda, a recentemente aprobada Lei 5/2023, de Pesca Sostíbel e Investigación Pesqueira, recolle na súa Disposición Final Segunda a modificación da Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro e introduce na mesma unha Disposición Adicional Sétima-Elaboración dun catálogo de enfermidades profesionais, que recolle que “O Ministerio competente elaborará un Catálogo de Enfermidades Profesionais propias dos e das traballadoras do mar, atendendo de xeito específico ás condicións de penosidade e exposición a axentes físicos que sofren as persoas que se adican á recollida do marisco, tanto a pé como a frote, ao cultivo do mexillón en batea, á recollida de percebes na rocha, así como os mergulladores en apnea para a recolección de recursos específicos”.

Sen dúbida, este catálogo traerá aspectos moi positivos para avanzar na profesionalización e na dignificación das condicións sociolaborais que moitas traballadoras e traballadores do mar levan anos agardando e que, só no sector marisqueiro, abranguen en Galiza a preto de 4.000 persoas, a gran maioría delas mulleres. Deste total, o 65% teñen máis de 40 anos e o 32% entre 50 e 60 anos.

Un sector, pois, especialmente avellentado que require que as doenzas que xa están recoñecidas como profesionais se identifiquen como tais en todos os casos e que os pasos dados para que se leve a cabo un catálogo de enfermidades profesionais se efectiven canto antes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións ten levado a cabo a Xunta de Galiza nos últimos anos para contribuír ao recoñecemento das enfermidades profesionais dos traballadores e traballadoras do mar, nomeadamente das mariscadoras e redeiras?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2023

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 10/04/2023 11:09:51

Carmela González Iglesias na data 10/04/2023 11:09:55

Daniel Castro García na data 10/04/2023 11:10:04





A Mesa do Parlamento

Marisol Díaz Mouteira, José Luis Ferro Iglesias, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, Felisa Rodríguez Carrera e Moisés Rodríguez Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia ten en marcha unha política transversal para a consolidación dunha cidadanía lectora. Esta acción parte desde o sistema educativo, pasa polo ámbito das bibliotecas públicas e céntrase, finalmente, no apoio decidido ao ecosistema do libro.

Precisamente, no que respecta ás políticas arredor do libro, a Xunta de Galicia traballa coa vista en reforzar o papel do libro galego e aumentar o hábito lector; favorecer a consolidación da industria editorial; e impulsar a internacionalización do libro e dos creadores/as da literatura galega.

Nos últimos anos, o Goberno galego asentou toda unha serie de liñas de apoio que inciden en cada un dos puntos anteriores e que se viron claramente reforzadas con medidas extraordinarias, como é o caso do Bono Cultura.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que balance realiza a Xunta de Galicia das políticas arredor do libro?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2023





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2023 11:39:35
Nº Rexistro: 52581
Data envío: 10/04/2023 11:39:35.157

Asinado dixitalmente por:

María Sol Díaz Mouteira na data 10/04/2023 11:32:50

José Luis Ferro Iglesias na data 10/04/2023 11:33:05

Teresa Egerique Mosquera na data 10/04/2023 11:33:17

María Elena Suárez Sarmiento na data 10/04/2023 11:33:27

Gómez Salgado, Carlos na data 10/04/2023 11:33:48

María Felisa Rodríguez Carrera na data 10/04/2023 11:33:56

Rodríguez Pérez, Moisés na data 10/04/2023 11:34:08

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-otAsgZM6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Dende o ano 2009, a Xunta de Galicia construíu ou reformou máis dun cento de centros de saúde, o que supuxo actuar sobre máis de 75.000 metros cadrados. En total, a Administración autonómica investiu, nestes 12 anos, máis de 120 millóns de euros en infraestruturas sanitarias de atención primaria.

Agora mesmo ten outras 4 obras en marcha (Lugo, Lalín, Arnoia e Porriño), adxudicadas as obras do CIS Olimpia Valencia, do centro de saúde de Moaña e da reforma do centro de saúde de Ordes e adxudicados os proxectos de novos centros de saúde como Antas de Ulla, Abegondo, A Rúa, Vilagarcía de Arousa, Boborás, Muíños ou o Centro Integral de Saúde de Ourense, así como de reformas como a do centro de saúde da Milagrosa ou a ampliación do de Meira.

Pero máis alá destas grandes actuacións, a Consellería de Sanidade coida tamén diariamente das infraestruturas e equipamento dos centros de saúde galegos, así como da súa dotación de persoal.

Porén, se ben os incrementos de persoal son coñecidos a través das sucesivas creacións de prazas nas leis de orzamento e ás contratacións efectuadas, moitas pequenas actuacións de retoques de infraestruturas ou renovación de equipamentos pasan máis desapercibidas.

Lembremos que o Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021 levou consigo un investimento de máis de 8,5 millóns de euros en equipamento para os centros de saúde que foi descualificado polos partidos de oposición como “unha renovación de impresoras” cando foi moito máis alá, dotando a centros de toda Galicia de novo





instrumental sanitario como 27 ecógrafos, 26 retinógrafos, 475 electrocardiógrafos, 230 espirómetros, 280 hólteres de presión arterial ou 260 desfibriladores.

É dicir, un investimento que incrementaba as capacidades asistenciais e diagnósticas dos centros de atención primaria.

Unha vez finalizado ese plan 2019-2021, temos constancia de que a Xunta de Galicia non descoidou a súa atención a este incremento da capacidade dos centros de primaria mediante melloras na infraestrutura e equipamentos dos centros.

Melloras que en ocasións se lograron con colaboración dos concellos no caso de centros de saúde de titularidade municipal e melloras que tamén se consideraron prioritarias no aproveitamento de fondos europeos e estatais.

Actuacións probablemente menos vistosas que outras destinatarias de fondos europeos como a ampliación dos equipos de alta tecnoloxía hospitalaria pero que teñen un impacto directo na saúde de milleiros de pacientes.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que investimentos en reformas e equipamentos ten efectuado a Xunta nos últimos anos para incrementar a capacidade asistencial e diagnóstica dos centros de atención primaria de Galicia?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/04/2023 11:37:07

José Alberto Pazos Couñago na data 10/04/2023 11:37:24

María Corina Porro Martínez na data 10/04/2023 11:37:34

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2023 11:40:22
Nº Rexistro: 52583
Data envío: 10/04/2023 11:40:22.391

Noelia Pérez López na data 10/04/2023 11:37:45

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 10/04/2023 11:38:01

López Sánchez, Rosalía na data 10/04/2023 11:38:10

Raquel Arias Rodríguez na data 10/04/2023 11:38:26

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-otAsgZM6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a urxencia de dotar a atención na sanidade galega de intérpretes de lingua de signos a atención ás persoas xordas e con deficiencias auditivas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, celebrada o 25 de febreiro de 2021, aprobaba por unanimidade o seguinte acordo impulsado polo grupo parlamentario do BNG:

“O Parlamento galego insta a Xunta a asegurar a comunicación das persoas xordas no acceso á sanidade pública galega demandando da Consellería de Sanidade o compromiso de creación dunha bolsa de intérpretes a disposición do colectivo de persoas xordas as 24 horas do día.”

Perante o inexplicábel incumprimento deste acordo parlamentario por parte do goberno do Partido Popular, desde o grupo parlamentario do BNG volvemos impulsar un novo acordo unánime na Comisión 5ª celebrada o 10 de novembro de 2022 que ficou recollido nos seguintes termos:

"O Parlamento galego insta a Xunta a dar cumprimento ao acordo parlamentario unánime do 25 de febreiro de 2021 co obxectivo de garantir unha comunicación de calidade para as persoas xordas no acceso á sanidade pública galega, demandando da Consellería de Sanidade o compromiso de creación dunha bolsa de intérpretes a disposición do colectivo de persoas xordas as 24 horas do día."





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Superados os dous anos da consecución do primeiro mandato parlamentario e cinco meses do segundo, o goberno da Xunta persiste na insensibilidade e abandono cara ás persoas xordas ao non lle dar cumprimento aos dous acordos, ignorando, por unha banda, o valor de representación da soberanía popular desta cámara e reforzando, pola outra, a vulneración dun dereito básico como é o dereito á saúde, negándolle ás persoas xordas e con discapacidade auditiva a comunicación a través da presenza de intérpretes de lingua de signos nun momento de gran vulnerabilidade como é a enfermidade.

O colectivo das persoas xordas non é quen de entender esta actitude pasiva e insensíbel por parte da Consellería de Sanidade quen, ao longo de case dous anos e medio, non foi quen, ou non tivo vontade, de iniciar ningún procedemento que comezase a resolver un inxustificábel retraso por parte de quen debe actuar como goberno que atenda as necesidades da sociedade galega.

No BNG non aceptamos que desde o goberno galego suman na frustración as persoas xordas nin toleramos a indigna actuación da Consellería de Sanidade que segue a vulnerar os dereitos fundamentais das persoas xordas para recibir asistencia sanitaria en igualdade de condicións ao resto da cidadanía.

Urxe reparar o camiño da desigualdade polo que transita o goberno do PP prolongando un agravio que condena as persoas xordas e con discapacidade auditiva á indefensión na atención da sanidade pública galega.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando vai a Xunta dotar a asistencia sanitaria de intérpretes de lingua de signos a disposición do colectivo de persoas xordas as 24 horas do día co obxectivo de garantir unha comunicación de calidade no acceso á sanidade pública galega?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2023

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 11/04/2023 12:36:15

Daniel Castro García na data 11/04/2023 12:36:21

María Montserrat Prado Cores na data 11/04/2023 12:36:34



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O pasado 21 de marzo o presidente da Xunta de Galicia, sorprendentemente, anunciaba que no Consello da Xunta do día 22 darían vía libre á tramitación dunha lei que sentaría o marco normativo para a creación dunha sociedade coa que asumiría a participación directa da Xunta de Galicia, xunto con outros socios, na dita sociedade, o que “*permitiría velar para que o rendemento económico dos recursos naturais de Galicia reverteran en Galicia*”.

Unha cuestión que para os socialistas é fundamental e que está reflectida no “Pacto por unha enerxía eólica sostible” asinado polo PSdeG con UGT, CCOO, UUAA, FADEMUR e Ventonoso.

No Consello da Xunta do día 22 de marzo, no anuncio dos asuntos se indicaba dentro da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación:

☐ Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

Mentres que no contido do acordo se establecía:

“**RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA ESTUDA A FÓRMULA PARA CREAR UN CANON QUE GRAVE AS LIÑAS DE EVACUACIÓN DA EÓLICA MARIÑA**”



— Defende este gravame dentro da nova lei de recursos naturais, que comezou hoxe a súa tramitación no Consello da Xunta de Galicia

— Apunta que está prevista que a recadación vaia dirixida ás mesmas finalidades medioambientais que establece o actual canon da eólica terrestre, centrándose principalmente nos lugares onde estean localizadas as conexións

— Lembra que a futura normativa recollerá, de cara ás declaracións de impacto ambiental, a avaliación dos efectos sociais e económicos dos proxectos e tamén a creación dunha sociedade pública-privada que garantirá que parte dos beneficios de proxectos que aproveiten recursos naturais teñan un impacto directo positivo en toda Galicia

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que Galicia estuda a fórmula para crear un canon que grave as liñas de evacuación da eólica mariña na nova lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, e que iniciou hoxe mesmo a súa tramitación no Consello da Xunta.

Rueda precisou que, cando as liñas eléctricas da eólica off-shore chegan á terra, é cando se contaría con capacidade fiscal por parte da Xunta de Galicia para establecer este canon, cuxa recadación está prevista que se dedique ás mesmas finalidades medioambientais que, na actualidade, están recollidas para o gravame da eólica terrestre. Deste xeito, centrarase principalmente en que repercuta nos lugares onde se establezan estas conexións “e tamén, por suposto, no sector da pesca, ademais de garantir a coexistencia dos recursos”, abundou.

Ademais deste gravame, Rueda lembrou outras aportacións importantes da futura lei avanzadas estes días, como o feito de que establecerá que as declaracións de impacto ambiental avaliarán os efectos sociais e económicos dos proxectos e incidirá que esta análise social e económica servirá tamén para determinar en que proxectos poderá participar a futura utility, unha sociedade mixta na que participará a Xunta de Galicia xunto con outros axentes públicos e privados para que parte dos beneficios que aproveiten recursos naturais teñan un impacto directo positivo en toda Galicia.

Galicia “non pode perder esta oportunidade”





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2023 10:45:52
Nº Rexistro: 52617
Data envío: 12/04/2023 10:45:52.984

Rueda cualificou esta futura norma de “pioneira” e “innovadora” e amosouse convencido de que favorecerá o “arraigamento social” da eólica mariña, “que vai medrar nos próximos anos”, aseverou.

Por este motivo, defendeu que Galicia “non pode perder esta oportunidade”, xa que salientou que a nosa comunidade conta con “condicións especialmente idóneas para aproveitar estes recursos” e ten “un enorme potencial” para estar no centro da transición enerxética que vai vivir Europa”.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Prevé o Goberno galego modificar o actual canon eólico de Galicia?

Parlamento de Galicia, 11 de abril de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/04/2023 19:00:37

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/04/2023 19:00:51

CSV: BOPGDSPG-otArgZM6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

190056

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O pasado 21 de marzo o presidente da Xunta de Galicia, sorprendentemente, anunciaba que no Consello da Xunta do día 22 darían vía libre á tramitación dunha lei que sentaría o marco normativo para a creación dunha sociedade coa que asumiría a participación directa da Xunta de Galicia, xunto con outros socios, na dita sociedade, o que “*permitiría velar para que o rendemento económico dos recursos naturais de Galicia reverteran en Galicia*”.

Unha cuestión que para os socialistas é fundamental e que está reflectida no “Pacto por unha enerxía eólica sostible” asinado polo PSdeG con UGT, CCOO, UUAA, FADEMUR e Ventonoso.

No Consello da Xunta do día 22 de marzo, no anuncio dos asuntos se indicaba dentro da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación:

☐ Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

Mentres que no contido do acordo se establecía:

“RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA ESTUDA A FÓRMULA PARA CREAR UN CANON QUE GRAVE AS LIÑAS DE EVACUACIÓN DA EÓLICA MARIÑA



— Defende este gravame dentro da nova lei de recursos naturais, que comezou hoxe a súa tramitación no Consello da Xunta de Galicia

— Apunta que está prevista que a recadación vaia dirixida ás mesmas finalidades medioambientais que establece o actual canon da eólica terrestre, centrándose principalmente nos lugares onde estean localizadas as conexións

— Lembra que a futura normativa recollerá, de cara ás declaracións de impacto ambiental, a avaliación dos efectos sociais e económicos dos proxectos e tamén a creación dunha sociedade pública-privada que garantirá que parte dos beneficios de proxectos que aproveiten recursos naturais teñan un impacto directo positivo en toda Galicia

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que Galicia estuda a fórmula para crear un canon que grave as liñas de evacuación da eólica mariña na nova lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, e que iniciou hoxe mesmo a súa tramitación no Consello da Xunta.

Rueda precisou que, cando as liñas eléctricas da eólica off-shore chegan á terra, é cando se contaría con capacidade fiscal por parte da Xunta de Galicia para establecer este canon, cuxa recadación está prevista que se dedique ás mesmas finalidades medioambientais que, na actualidade, están recollidas para o gravame da eólica terrestre. Deste xeito, centrarase principalmente en que repercuta nos lugares onde se establezan estas conexións “e tamén, por suposto, no sector da pesca, ademais de garantir a coexistencia dos recursos”, abundou.

Ademais deste gravame, Rueda lembrou outras aportacións importantes da futura lei avanzadas estes días, como o feito de que establecerá que as declaracións de impacto ambiental avaliarán os efectos sociais e económicos dos proxectos e incidirá que esta análise social e económica servirá tamén para determinar en que proxectos poderá participar a futura utility, unha sociedade mixta na que participará a Xunta de Galicia xunto con outros axentes públicos e privados para que parte dos beneficios que aproveiten recursos naturais teñan un impacto directo positivo en toda Galicia.

Galicia “non pode perder esta oportunidade”



Rueda cualificou esta futura norma de “pioneira” e “ innovadora” e amosouse convencido de que favorecerá o “arraigamento social” da eólica mariña, “que vai medrar nos próximos anos”, aseverou.

Por este motivo, defendeu que Galicia “non pode perder esta oportunidade”, xa que salientou que a nosa comunidade conta con “condicións especialmente idóneas para aproveitar estes recursos” e ten “un enorme potencial” para estar no centro da transición enerxética que vai vivir Europa”.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Cales van ser os obxectivos da dita sociedade?

Parlamento de Galicia, 11 de abril de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/04/2023 18:54:23

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/04/2023 18:54:46



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O pasado 30 de marzo tivo entrada no Parlamento de Galicia a execución orzamentaria da Administración autonómica correspondente ao exercicio 2022. Como en exercicios anteriores, chama a atención a baixa execución de determinados programas, resultando a máis sorprendente a correspondente ao programa 621B- Imprevistos e funcións non clasificadas, que no orzamento inicial tiña un crédito de 13,5 millóns de euros, que foi incrementado ata acadar un crédito final de 359.733.000 de euros sen que se executara nin un só euro.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Cales son os motivos polos que non se executou nin 1 euro deste programa?

Parlamento de Galicia, 11 de abril de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data **11/04/2023 17:32:08**

Gonzalo Caballero Míguez na data **11/04/2023 17:32:23**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Ramón Fernández Alfonso e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza de Infesta, situada no concello de Betanzos (A Coruña), está a denunciar publicamente os prexuízos continuos que ocasiona a actividade profesional desenvolvida pola empresa Betanzos HB, fundada en 1975, localizada no Km 3 da estrada Betanzos-Santiago de Compostela e declarada pola Xunta como estratéxica.

Esta fábrica, en funcionamento desde hai case 50 anos e situada ao pé de numerosas vivendas próximas, algunha a menos de 500 metros de distancia, dedícase á elaboración de taboleiros a partir de madeira de eucalipto. Asemade, conta con dúas caldeiras e unha incineradora para queimar os restos da súa produción, logo da acumulación dos lodos en balsas contiguas á fábrica.

Betanzos HB é coñecida tamén, para alén da súa actividade profesional, por ser causa dunha historia de denuncias continuas e procesos xudiciais por incumprimento da normativa laboral e medioambiental.

Entre os graves e reiterados prexuízos de afectación diaria, multiplicados en horario nocturno, que está a denunciar desde hai anos a veciñanza de Infesta destacan os seguintes: chuvia de cinza negra graxenta que afecta a bens mobles, enseres, cultivos e plantacións de horta e árbores froiteiras; vibracións que impiden o dereito ao descanso e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a conciliación do sono; dificultades respiratorias por causa do fume que se desprende da actividade incineradora da fábrica; vertido de lodos contaminantes procedentes da ruptura dunha balsa de lodos, así como vertidos continuos desde hai anos cara ao río Callou que desemboca directamente na Ría de Betanzos, para a que desde o BNG levamos anos a demandar un plan de rexeneración e saneamento incumplido polo Partido Popular.

A acumulación destas molestias persoais, derivadas dunha actividade laboral intensiva de 24 horas, así como a evidente contaminación do medio natural, foron trasladadas pola veciñanza en diferentes ocasións á dirección da empresa que as orixina, Betanzos HB, así como ás autoridades responsábeis do goberno local, sen se teren resolto a día de hoxe, o que levou as afectadas a presentar denuncia perante a Fiscalía Provincial de Medio Ambiente e Urbanismo, mentres o Vicepresidente 1º e Conselleiro de Economía, Industria e Innovación, Francisco Conde, ten recoñecido esta empresa como un exemplo de sustentabilidade e economía verde, así como pola súa política de innovación baseada nun sistema de produción 100% natural.

As axudas públicas recibidas da Xunta por parte desta empresa son múltiples ao longo das últimas décadas. A última foi unha axuda directa de 2 millóns de euros para instalar a nova caldeira de biomasa co obxectivo de promover a cultura da eficiencia enerxética entre o tecido empresarial e reducir as emisións.

A suposta solución que comprometía a empresa para resolver a afectación negativa que está a provocar na vida das persoas e na protección do medio natural consistía no cambio desta caldeira principal para mellorar o proceso de incineración e evitar a caída das cinzas, mais a afectación social e ambiental persiste, coa consecuente inseguridade e vulnerabilidade da veciñanza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Verifica o goberno da Xunta que Betanzos HB (Infesta-Betanzos) é unha empresa que cumpre con todos os parámetros de garantía dunha vida de calidade plena para as persoas e o medioambiente en I?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2023

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Ramón Fernández Alfonzo

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 12/04/2023 11:51:57

Ramón Fernández Alfonzo na data 12/04/2023 11:52:02

Xosé Luis Bará Torres na data 12/04/2023 11:52:15



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo Carmen Rodríguez Dacosta e Gonzalo Caballero Míguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento do Parlamento, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Durante os catorce anos de goberno ininterrompido do Partido Popular na Xunta de Galicia a mellora da situación do mercado laboral nunca foi unha prioridade, caracterizándose por un escaso dinamismo e un alto índice de precariedade, inestabilidade, perda de dereitos e un alarmante incremento da fenda xeracional, sendo a crise económica de 2008 e a reforma laboral posta en marcha polo PP as causas con maior peso desta situación. O Goberno galego no canto de empregar a súa competencia e os recursos públicos de maneira eficiente para loitar contra esta situación dedicouse ao *marketing* propagandístico redundando nos mesmos erros.

A creación de emprego estable e de calidade supón un elemento fundamental no desenvolvemento e avance da economía, sendo o pilar clave no benestar dunha sociedade que permite o crecemento da cidadanía e impulse a actividade económica a todos os niveis. En tan só un ano e medio, España logrou recuperar os niveis de afiliación á Seguridade Social previos á pandemia, creándose emprego en todos os sectores económicos e cos últimos datos publicados.

A reforma laboral acadada entre o Goberno do Estado e os axentes sociais estase mostrando como a mellor ferramenta para consolidar un marco de creación de emprego estable e de calidade, que incentiva a contratación indefinida fronte á temporalidade, reduce o número de tipos de contratos e



limita a contratación temporal a un máximo de tres meses por ano, fomentando o contrato fixo discontinuo. Así mesmo, o novo marco laboral recupera a negociación colectiva situándoa no corazón do novo modelo de relacións laborais, aumentando os dereitos dos empregados e recuperando a ultraactividade indefinida, ao tempo que se incrementan as sancións por contratación irregular e se impulsa a formación dos traballadores e traballadoras. E partindo da boa experiencia que deron os ERTE ao longo da crise económica durante a pandemia, súmase a regulación dun novo instrumento, o Mecanismo RED de Flexibilidade e Estabilización do Emprego como alternativa o despedimento, como forma de flexibilidade interna das empresas e impídense os ERE nas administracións públicas.

En definitiva, créase un marco laboral que permite reducir a temporalidade, reforzar a creación de emprego de calidade e dar seguridade xurídica ás empresas ao mesmo tempo que se cumpre co compromiso adquirido coa Comisión Europea para lograr o seu aval e percibir os fondos europeos.

A semana pasada o Goberno remitiu aos grupos parlamentarios a execución dos créditos orzamentarios correspondentes ao exercicio 2022 e, ao igual que en exercicios anteriores, os socialistas puidemos comprobar como novamente o Programa 32. Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo é dos que peor execución orzamentaria presenta, un 56,5 % de execución sobre os créditos iniciais, quedando partidas como 322A-Fomento da empregabilidade nun 41,2 % ou nas partidas 323A e 323B que só acadaron o 43 % e 45,9 % respectivamente.

Ante esta situación as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego ante a baixa execución ano tras ano do programa destinado á promoción do emprego e institucións do mercado de traballo?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2023 13:49:21
Nº Rexistro: 52663
Data envío: 12/04/2023 13:49:21.125

Parlamento de Galicia, 11 de abril de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/04/2023 13:47:31

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/04/2023 13:47:49

Gonzalo Caballero Míguez na data 12/04/2023 13:48:07

CSV: BOPGDSPG-otArsgZM6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
190066

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa aos resultados do Plan Termal respecto da cidade de Ourense e á programación do novo mecanismo que o substituirá.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O fracaso do modelo termal do Partido Popular respecto da cidade e da comarca de Ourense é unha evidencia, toda vez que a raíz do incumprimento das súas propias planificacións e do fracaso da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galiza.

Esta lei, lonxe de resolver problemas, causou novos problemas que até o momento non existían. A falta de claridade, a demora no protocolo de autocontrol, a falta de apoio económico e esixencias técnicas contraditorias derivaron en que un concello como Ourense tivese durante anos os seus recursos termais públicos practicamente bloqueados. A isto, por suposto, contribuíu o Concello de Ourense, participado polo Partido Popular e por Democracia Ourensana, cuxo líder e alcalde cualificaba de “bluff” o termalismo.

Así as cousas, no momento de asinar esta iniciativa o 40% dos recursos termais da cidade están pechados e a previsión de reapertura do máis singular, a piscina das Burgas, é do ano 2024, cando se cumprirán catro anos de peche.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Durante estes anos, un dos elementos de planificación e coordinación interinstitucional foi o Plan de turismo termal de Ourense. Dito plan abrangía os anos 2014-2020 e perseguía un obxectivo central e tres obxectivos específicos:

- Obxectivo central: Poñer en valor turístico os recursos naturais e culturais de Ourense, estruturando a oferta, os recursos e os servizos de tal xeito que conduzan á creación do destino Ourense, Provincia Termal.

Obxectivos específicos:

- Obxectivo 1. Poñer en valor turístico os recursos naturais e culturais da provincia de Ourense, coa sustentabilidade como criterio clave para acadar unha mellor calidade de vida, a recuperación e preservación dos recursos naturais, e a contribución ao desenvolvemento socioeconómico

- Obxectivo 2. Articular os recursos, servizos e oferta termais como Produtos turísticos competitivos, innovadores e desestacionalizadores.

- Obxectivo 3. Posicionar Galicia como destino termal a través da potenciación de Ourense como provincia termal.

Este plan contaba con cinco liñas estratéxicas, un programa de accións complementado con propostas nos marcos das liñas estratéxicas e un orzamento estimado de 11.590.491€ para o total do período por parte do erario público e 40.999.332€ por parte dos axentes privados.

Pasados tres anos da caducidade deste plan e sen ter documentación pública definitiva do Plan de Sostibilidade Turística “Ourense Termal” en Destino que Deputación de Ourense e Xunta levan anunciando e presuntamente presentando máis de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ano e medio, non se coñece tampouco valoración ou avaliación nin resultados obxectivos do Plan termal anterior.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a valoración obxectiva e cuantitativa dos resultados e execución do Plan de turismo termal de Ourense?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/04/2023 13:57:05

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/04/2023 13:57:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 12/04/2023 13:57:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para reposta oral en Pleno**, sobre a apertura de vías de comercialización de carne ecolóxica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As dificultades de comercialización dos produtos primarios no noso país é evidente e amosouse nestes últimos anos máxime despois da COVID. As estratexias que prantexou o goberno da Xunta para combater a situación de estrangulación do sector nesta época foron claramente insuficientes e as vendas a perdas seguiron a producirse por non ter unha lei de calidade alimentar nin estatal nin autonómica que resultara eficiente para evitalas.

Os prezos da carne en xeral son obxectivamente elevados no supermercado e obxectivamente insuficientes e descompensados para os e as produtoras, e por suposto están marcados pola distribución non segundo cálculos oficiais destes custes de produción. Contan con outras dificultades relativas ás políticas de condicións de peso e pagos dos matadoiros que dependendo das circunstancias computan de xeito diverso as partes do animal, polas que pagan xunto coas canais, segundo sexa catalogada como canal europea ou non.

Para as producións ecolóxicas de carne as dificultades increméntanse, recoñecéndolle as dificultades da gandería en xeral ás que debemos sumar as dificultades propias de producir en ecolóxico, os piensos ecolóxicos teñen un custe





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

superior por Kg e os animais deben cumprir cunha serie de requisitos de pastoreo. A máis de todo isto leva apareladas unha serie de prácticas de cultivos e coidado dos pastos que precisan máis inversións.

Por riba do anterior as vías de comercialización propias do ecolóxico case non existen, sendo polo tanto máis rendible para as produtoras e produtores a venda en convencional ao non poder vender toda a produción en ecolóxico.

Neste tempo estamos vendo que as producións ecolóxicas despiden o anterior período da PAC pasando por serias dificultades precisamente porque, despois de promover este tipo de producións, a Xunta de Galiza e o seu goberno non tivo en conta o incremento de hectáreas nas solicitudes de incorporación o que motivou que quedaran fóra destas axudas moitas das novas hectáreas de incorporación e probablemente algunhas que viñan percibindo axudas polo simple feito de non ter orzamento suficiente.

A isto hai que engadirlle a entrada do novo período da PAC onde cambia o marco para todo o mundo, tamén para a produción cárnica ecolóxico, entre outras cuestións o FOGGA vai exixir que unha parte da produción se comercialice como tal, cando é constatábel que non hai canles de comercialización.

Non hai un traballo feito no noso país a prol destas producións de carne polo que existe un risco severo de que esta exixencia sexa unha traba máis para a venda de parte desta carne por riba dos custes de produción, o cal ben pode repercutir negativamente unha vez máis na economía destas granxas.

Tampouco se ten feito o traballo de concienciar á poboación sobre como diferenciar as producións que se atopan baixo distintos selos de calidade, nin tampouco se ten feito traballo coas diversas superficies comerciais, xenéricas, especializadas, grandes ou pequenas para que lle destinen un lugar ás producións ecolóxicas de carnes, para que se estenda esta oferta e se cree demanda por todo o país, máis alá do que se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poida mercar en determinadas superficies das cidades máis grandes do país e que isto se faga a prezos razoables para que todo tipo de persoas consumidoras poidan acceder a estes produtos de calidade.

A única maneira de que a nosa superficie agraria sume hectáreas para a produción ecolóxica é posibilitar que sexa rendible para que as e os produtores poidan manter un nivel de renda adecuado e para isto a administración ten que ter unha actitude moito máis proactiva en torno á produción pero tamén á comercialización desta carne por riba dos custes de produción sen que isto se volva inasumíbel para as consumidoras.

É cuestión de darlle un enfoque ás axudas da PAC para poidan provocar un cambio real no sistema produtivo primario do noso país, no canto de establecer medidas que nos fagan salvar as inspeccións que europeas pero que non produzan un cambio real nos nosos sistemas produtivos e isto non se consegue sen que haxa circuitos de venta para as producións a uns prezos que compensen a súa produción, non sendo en ningún caso suficiente establecer un sistema de cómputo que non se recolle en ningunha normativa e que polo tanto non é oficial e non obriga en ningún caso ás empresas que compren e aos seus intermediarios a respectalos.

A nova PAC precisa dunha seria atención por parte das gandeiras e gandeiros, engadir a exixencia de venta de parte da produción en ecolóxico o que fai é incrementar máis as penurias que está a sufrir o sector.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o Goberno da Xunta tomar medidas para que a produción cárnica galega en ecolóxico teña vías adecuadas de comercialización e poida acadar un prezo acorde que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

satisfaga os custes de produción e deixe ganancia económica suficiente para a granxa produtora?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2023

Asdo.: Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 13/04/2023 10:33:51

Xosé Luis Rivas Cruz na data 13/04/2023 10:33:55

María González Albert na data 13/04/2023 10:34:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para reposta oral en Pleno**, sobre as liñas de apoio ás producións vexetais para consumo humano ante o cambio climático.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos dunha serie de crises concatenadas que comezaron coa pandemia COVID no ano 2020 e remataron coa actual situación de inflación que empobrece á poboación.

Primeiro aconteceu un peche dos mercados que engadiu dificultades á comercialización das diversas producións, e logo sucedeu a suba de prezos dos carburantes e dos abonos, que encareceu o cultivo e transporte destas producións e que se mantén na actualidade.

Pero durante o ano 2022 como consecuencia do cambio climático, sufrimos unhas condicións climáticas extremas no noso país que afectaron aos cultivos, debido a unha ola de calor sen precedentes que, segundo informan as especialistas no tema, non será a última e que provocou unha severa perda de produción.

Unhas das grandes prexudicadas por estas diversas crises foron as producións agrícolas para consumo humano que á súa vez tamén foron as grandes esquecidas nas axudas por parte das distintas administracións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As producións de vexetais para consumo humano son tradicionais no noso país, case cada familia que pode permitirse unha horta para autoconsumo cultívaa , pero os distintos tipos de horticultura para comercialización non están arraigados nos nosos usos produtivos e quizá sexa precisamente pola falta de apoio das administracións, nin para o fomento da incorporación a esta empresa ou para a súa continuación e pervivencia.

O cambio climático ameaza ao territorio galego, tanto como a calquera outro territorio e por isto a meteoroloxía advirte sobre que o máis probable é que se vivan continuos veráns con elevadas temperaturas. Aconteceu mesmo este pasado verán, onde as elevadas temperaturas diúrnas e nocturnas durante un prolongado número de días uníronse ás restricións hídricas prexudicando os cultivos provocándolles enfermidades e mermas produtivas continuadas durante todo o verán e máis alá del, en cultivos de outras estacións aos que non lles chegan as choivas ocasionais que se deron nalgúns zonas do país nomeadamente nas zonas do centro e do sur do país (claro exemplo foi a situación sufrida polas plantacións de millo durante o período estival de 2022).

Por isto dende o goberno galego procede levar adiante unha serie de actuacións a curto e a medio prazo para que as e os nosos agricultores poidan manter o nivel de producións dos seus cultivos.

A curto prazo é unha prioridade facerlle fronte ás perdas causadas pola seca que non afectaron só ás producións hortícolas , á seca afectou á produción froiteira, á de cereais de primavera, aos froitos secos, é dicir hai unha afectación xeral dos cultivos para consumo humano, xa que non houbo suficiente auga para a formación correcta dos froitos.

A seguinte prioridade é acadar un acordo institucional para pautar preferencias de consumo de auga, estando por diante as persoas e os animais pero en segundo lugar deberán ser este tipo de cultivos vexetais que garanten a alimentación da poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A medio prazo é imprescindible facer un traballo activo para novas captacións de augas e para que as produtoras e produtores leven a cabo medidas de rego sostible que aforren auga e melloren o aproveitamento dela polos cultivos.

É por último é imprescindible comezar neste mesmo momento a levar adiante procesos de investigación nunha primeira parte para mellorar os sistemas de rego e aproveitamento da auga e nunha segunda proceden traballos de investigación sobre especies novas ou modificación das actuais para unha mellor adaptación ao cambio climático.

Trátase de estar preparadas para enfrontar unha crise climática severa con recursos suficientes, fuxindo da intensificación ou industrialización que esgota os recursos acuáticos e naturais.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Van actuar a favor das nosas producións vexetais para consumo humano compensando inicialmente as súas perdas para logo establecer a programación de prioridades para garantir o rego sostible e a viabilidade das producións agrícolas/hortícolas?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 13/04/2023 11:51:35

Xosé Luis Rivas Cruz na data 13/04/2023 11:51:39

María del Carmen Aira Díaz na data 13/04/2023 11:51:48



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O CEIP Pontesampaio, sito nesta parroquia pontevedresa, consta de dúas unidades de educación infantil e cinco unidades de primaria.

Este centro de referencia a nivel educativo vén reclamando dende hai tempo a necesidade de ter un espazo destinado á práctica da actividade física por parte do alumnado.

Ante a falta de resposta o Goberno da Xunta tiveron que habilitar unha aula sita na planta baixa para destinala a aula de educación física, engadindo *espalderas* e cestas nas paredes.

Espazo que se utiliza a maiores como comedor á hora do almorzo co servizo do plan madruga e a mediodía, e tamén como espazo para o recreo nos días de choiva.

Desde o Grupo Socialista entendemos que este espazo non pode ter esta multifunción porque non reúne as características axeitadas para unha instalación deportiva e, polo tanto, a Xunta ten que proporcionar esta dotación ao CEIP de Pontesampaio.

Entendemos que o espazo máis axeitado a nivel técnico e administrativo e o que ocupa a actual pista polideportiva exterior, mediante a construción dun pavillón cuberto que poida cumprir todas estas funcións de instalación para a



práctica de actividades deportivas e patio cuberto de recreo para os días de choiva.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan, preguntan:

Entende este goberno necesaria a creación dun pavillón cuberto no CEIP Pontesampaio en Pontevedra?

Parlamento de Galicia, 13 de abril de 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 13/04/2023 12:01:42

Noelia Otero Lago na data 13/04/2023 12:02:00

Noa Susana Díaz Varela na data 13/04/2023 12:02:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre o incremento dos gastos enerxéticos nos centros de ensino galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas son varios os centros de ensino galegos que están a denunciar un incremento desorbitado dos gastos enerxéticos. Estamos a falar de centros de ensino que chegan a duplicar os gastos derivados da factura da luz a respecto do pasado curso.

Ante esta situación, os centros de ensino teñen que facer fronte a estes custes (un dos máis elevados para calquera centro) cunha partida destinada a gastos de funcionamento que foi establecida para uns gastos enerxéticos que eran da metade no curso anterior. Esta situación ten unha incidencia directa na calidade educativa xa que o diñeiro que se adica a pagar este incremento no recibo enerxético, non se pode adicar á outras medidas de mellora da calidade educativa nos centros.

Tal e como denuncian estes centros, os prezos contratados pola administración na renovación do contrato eléctrico teñen un impacto en moitas ocasións inasumible, cuns prezos por kw. que están moi por riba dos que se pagan en calquera establecemento privado ou nos propios fogares.

Esta realidade está a provocar unha grande preocupación na comunidade educativa polo que se formula a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai a Consellaría de Educación habilitar unha partida extraordinaria destinada a gastos de funcionamento dos centros para que os centros de ensino poidan facer fronte aos incrementos dos prezos da enerxía?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2023

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 13/04/2023 12:06:51

Mercedes Queixas Zas na data 13/04/2023 12:06:55

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/04/2023 12:07:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre as medidas que debe realizar o goberno galego para garantir o dereito á educación no actual contexto económico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación económica que están a pasar as familias galegas é cada día máis difícil. Unha realidade que ven a ser reflectida en todos os indicadores económicos e que fai que calquera fogar no que haxa persoas estudando, se enfrente a unhas dificultades económicas ante as que o goberno galego non pode poñerse de perfil.

Os últimos datos económicos publicados polo IGE confirmaban que no noso país os prezos rexistraron un aumento do 6,4%, catro décimas máis que no conxunto do estado (6,0%). Mais por se isto non fose dabondo, a variación interanual da inflación subxacente (índice xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos) foi dun 8,2%, dúas décimas superior á rexistrada en xaneiro (8,0%) e seis décimas superior á rexistrada a nivel estatal (7,6%).

Polo tanto, estamos ante un contexto económico no que as familias galegas afrontan unha crise de prezos que ten incidencia directa en bens básicos como a vivenda ou a alimentación. Unha realidade que é dura para calquera familia pero que se fai insoportable cando estamos a falar de fogares nos que hai fillos ou fillas en idade escolar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo se desprende dun estudo realizado pola OCU, as familias, ademais de todo o que supón a crise de prezos, deben afrontar uns gastos medios de 1950 € por cada fillo en idade escolar no inicio de curso.

Por se isto non fose dabondo, no caso das matrículas nas universidades galegas, o custes que debe asumir cada alumno oscila entre os 550€ e os 850€. Se a estes gastos engadimos outros aos que ten que facer fronte calquera estudante como son os gastos do aluguer da vivenda, a electricidade ou a manutención, teremos un reflexo da realidade económica que están a padecer as familias galegas nas que hai persoas estudando.

Dende o BNG entendemos que ante esta realidade, o goberno galego debe dar unha resposta. Unha resposta que alén das competencias doutras administracións, están definidas tamén para o goberno galego no artigo 31 do Estatuto de Autonomía ou na propia lei do SUG que establece no seu artigo 108.1 que *“sen prexuízo das competencias do Estado, a Xunta de Galicia articulará unha política en materia de axudas e bolsas ao estudo e á investigación, mediante convocatorias anuais, para garantir que todo o estudantado que cumpra as condicións para cursar estudos universitarios con aproveitamento poida acceder, en condicións de igualdade, aos estudos universitarios e poida desenvolverlos sen ser excluído por razóns económicas.”*

Polo tanto, estamos ante unha realidade económica na que se fai máis preciso ca nunca que dende a Xunta de Galiza se establezan medidas destinadas a paliar os efectos desta crise.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten pensado o goberno galego implementar medidas como a gratuidade da primeira matrícula nas universidades públicas galegas ou habilitar bolsas antricrise para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

garantir o dereito á educación do estudantado galego no actual contexto de crise económica?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2023

Asdo.: Manuel Lourenzo Sobral

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/04/2023 12:57:29

Daniel Castro García na data 13/04/2023 12:57:33

Mercedes Queixas Zas na data 13/04/2023 12:57:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e Montserrat Prado Cores, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a Serra do Suído.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A serra do Suído forma parte do sur da Dorsal Galega, un sistema montañoso que se estende de norte a sur de Galiza e que na provincia de Pontevedra está conformado polas serras do Candán, O Cando, O Testeiro, O Faro de Avión e O Suído.

O Suído esténdese por polos concellos de A Lama, Avión, Beariz, Covelo, Fornelos e Mondariz ao longo de 492 km², configurando un espazo con identidade propia, con unha historia común e con unha grande riqueza natural e cultural.

A ubicación próxima á costa e as altitudes de máis de 1.000 metros fan que esteamos ante unha das serras de maior pluviosidade de toda a península ibérica, con máis de 2.400 mm de precipitación media anual. Os ríos que nacen na serra, o Tea, o Avia e o Verdugo-Oitavén son dos mellor conservados da demarcación Galiza-Costa, tanto pola calidade das augas, pola boa conservación das ribeiras e pola variedade de flora e fauna.

A orografía, o clima, a paisaxe, a historia fan da serra do Suído un espazo de extraordinarios valores ambientais, culturais e sociais que é necesario preservar e dinamizar no seu conxunto, prevendo impactos que alteren os equilibrios e fomentando actividades sustentábeis e creadoras de valor engadido.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Atendendo a riqueza ambiental e á súa importancia para a preservación da biodiversidade, nos anos 2008 e 2012 iniciáronse senllos procedementos para a declaración de parte da serra do Suído (aproximadamente 110 km²) como Lugar de Importancia Comunitaria (actualmente ZEC) e a conseguinte inclusión na Rede Natura 2000, iniciativas que non chegaron a concluírse malia as demandas da Comisión Europea para que se protexesen hábitats de interese prioritario presentes na serra. No ano 2008 tamén se iniciou o procedemento para a ampliación do LIC Rede Natura 2000 Río Tea coa inclusión do Alto Tea, sen que tamén neste caso chegase a facerse realidade a declaración.

No Suído e Alto Tea existen 12 tipos de hábitats de interese comunitario (Directiva Hábitats), dos cales 4 son de interese prioritario (en risco de desaparición): as turbeiras altas activas (7110*), os bosques aluviais de amieiros e freixos (91EO*), as matogueiras húmidas atlánticas ((4020*) e os bosques de ladeiras, desprendementos ou barrancos (9180*).

A serra do Suído e o Alto Tea atesouran un grande número de formacións de turbeira, hábitat de grande interese para a biodiversidade e para a prevención e mitigación do cambio climático. As turbeiras funcionan como reguladoras do ciclo hidrolóxico, xa que actúan como unha especie de esponxas que reteñen a auga da chuvia e vana liberando gradualmente. Caracterízanse pola presenza dunha grande variedade de flora e fauna, entre a que se inclúen especies en perigo de extinción.

En total están rexistradas 53 formacións de turbeira que ocupan unha superficie total de 80,8 ha. As turbeiras máis extensas atópanse no Suído: Chan do Libro con 10 ha de superficie, As Pontellas (8ha), Coto de Eiras e Outeiro Vello (5 ha cada unha). A maior parte das turbeiras sitúanse na cabeceira da conca do Oitavén-Verdugo (32). O río Tea e os seus afluentes suman un total de 20 formacións de turbeira mentres que na



cabeceira do Avia só se rexistra unha (O Pozo Novo). O 78% destas formacións están situadas nos concellos da Lama e O Covelo.

	Número	Superficie
Covelo	23	31,4 ha (38,8% do total)
A Lama	16	32 ha (39,6%)
Fornelos	10	11,4 ha (14,2%)
Mondariz	2	5,2 ha (6,4%)
Avión	2	0,8 ha (1%)

A parroquia de Campo (Covelo) é a que rexistra un maior número de turbeiras, denominadas “porcas”, que ocupan un total de 20 hectáreas.

Unha parte destas turbeiras aparecen recollidas no Inventario de humidais de Galiza (2003) mais ao longo de 20 anos sufriron numerosas agresións e alteracións. Existe unha proposta para declarar as brañas do Suído como Humidal protexido e como humidais incluídos na listaxe internacional Ramsar (*Conservación e xestión dos humidais en Galicia*, IBADER, 2017, ®Pablo Ramil-Rego, Luís Gómez-Orellana e Javier Ferreiro da Costa editores). No mes de marzo de 2023, unha parte dos humidais do Suído foron incluídos no Inventario de zonas húmidas de Galiza (DOG do 13 de marzo de 2023).

O río Parada do Valdohome, afluente do Oitavén, que ten as súas nacentes na serra do Suído, foi declarado Reserva Natural Fluvial atendendo ao seu bo estado de conservación e aos valores naturais que atesoura. Por este motivo, a súa bacía debe ser obxecto de especial protección e precaución, evitándose as agresións e alteracións da súa contorna.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. A serra representa unha mesma unidade etnográfica, composta por toda a rede de construcións gandeiras estacionais da Serra do Suído e Alto Tea. Os chozos ou chozas, sesteiros, curralas e cortellos ou parideiras atópanse diseminados de tal modo que se insiren na paisaxe beneficiándose das súas características ambientais e orográficas, para se asentar ora nas pequenas valgadas e chans, para aproveitaren os seus pastos, ora nos cumes ou cotos para aproveitaren a tendencia espontánea do gando para sestar neles.

Estas construcións facíanse mediante a técnica da “pedra seca” ou “cachotería en seco”, unha técnica de construción tradicional que foi incluída na listaxe do patrimonio inmaterial da UNESCO no ano 2018.

Empregáronse até a segunda metade do século XX para o pastoreo do gando na estación estival. Organizábase mediante un sistema de rolda, na que participaba de xeito rotatorio a veciñanza dos lugares aos que pertencía cada chozo.

A paisaxe da serra do Suído foi recoñecida como Paisaxe Cultural polo Instituto del Patrimonio Cultural de España (IPCE) e incluída no Plan de Paisaxes Culturais na categoría de “Actividades agrícolas, gandeiras e forestais” nas que se inclúen os “sistemas agro-silvo-pastorís históricos”.

Ademais dos conxuntos etnográficos relacionados coa actividade gandeira, na serra teñen unha importante representación os foxos ou “forcas” do lobo, construcións de grandes dimensións situadas nas valgadas e formadas por valados en forma de V que converxen nun pozo (foxo) a onde se conducía o lobo en batidas colectivas. No Suído e Alto Tea existen 6 foxos do lobo, o máis espectacular dos cales é o Foxo da Portela, no Coto de Eiras.

Outras das manifestacións senlleiras do Suído son os camiños tradicionais, pola situación estratéxica do Suído como lugar de paso entre importantes comarcas do país.



Cabe sinalar a este respecto o Camiño dos Arrieiros, que comunica O Ribeiro con Pontevedra, o Camiño Breeiro que ía cara Aciveiro e Compostela; o camiño da Brea que comunicaba a reitoral de Barcia de Mera co Mosteiro de Melón; e a Calzada do Alén, un camiño empedrado que vai pola marxe dereita do río Alén desde a Ponte de San Xoán do Mosteiro até o concello de Fornelos.

4. Toda esta inmensa riqueza de patrimonio cultural e natural do Suído viuse mermado e sometido a múltiples agresións, que se poden agravar de maneira irreparable debido a proliferación de proxectos mineiros e de parques eólicos.

Con respecto aos parques eólicos, a Comisión Europea (EC, 2010) identifica os impactos na fase de construción do parque en canto á perda de superficie ocupada por hábitats de interese comunitario debido á apertura de viais, cimentación dos aeroxeradores, instalación de liñas áreas e subterráneas, construción de centrais eléctricas e edificacións auxiliares, introdución de especies invasoras, etc. Tamén fai referencia aos impactos na fase de explotación, pola mortalidade que causan os aeroxeradores na avifauna e polo incremento do ruído.

No caso de humidaís, a creación de pistas e drenaxes alteran a hidroloxía superficial. Os viais acostuman a converterse en receptores de augas de grandes superficie de terreo, que son transportadas a lugares afastados por medio das gabias.

Nos últimos anos, no contexto do boom eólico, estanse a tramitar numerosos proxectos de parques eólicos na Serra do Suído, no Alto Tea e no Faro de Avión. Na tramitación destes proxectos industriais débese ter en conta o establecido na lei 5/2019 do patrimonio natural e a biodiversidade, que consolida a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, o principio de precaución a respecto das intervencións que poidan afectar negativamente ao patrimonio natural e a biodiversidade, e mais a prevención dos problemas derivados do cambio climático.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En relación con esta última cuestión cómpre avaliar a incidencia dos parques eólicos e das súas infraestruturas nos recursos hídricos, co obxecto de preservar a función do Suído como gran colector de auga que abastece as concas do Avia, Oitavén-Verdudo e Tea.

Por outra parte, o solo afectado polos proxectos sectoriais vai experimentar unha radical modificación na súa cualificación urbanística e o seu uso, xa que pasa a cualificarse como solo rústico de especial protección de infraestruturas. Na práctica supón abrir paso a un proceso de explotación industrial de espazos de grande interese ambiental, cultural e paisaxístico.

En relación coa afección á paisaxe, cómpre ter en conta que o Catálogo das Paisaxes de Galicia inclúe a Serra do Suído como Área de Especial Interese Paisaxístico (AEIP _08_15), polo que se deberá estar ao disposto na Lei 7/2008, de 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia. Resulta evidente que a construción de até 16 parques eólicos e as súas correspondentes infraestruturas van terían un enorme impacto visual na paisaxe da serra.

5. Calquera planificación do desenvolvemento de enerxías renovábeis debe facerse contando coa participación dos concellos e a veciñanza, debe respectar os valores ambientais e culturais do territorio, debería ter como contrapartida o abaratamento do prezo da enerxía eléctrica e debería ter como principais beneficiarias as comunidades locais.

Recentemente, a Xunta vén de informar negativamente varios proxectos de parques eólicos situados na serra do Suído, atendendo ao seu impacto paisaxístico, aos efectos sinérxicos e acumulativos (efecto barreira) e a afección a especies protexidas, nomeadamente as aves.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En relación coa tramitación do parque eólico Coto das Airas, logo reconvertido como Carballoso (de tramitación estatal por ter unha potencia de 51MW), situado nos concellos de Fornelos, A Lama e Avión, a dirección xeral de Patrimonio Natural da Xunta emitiu informes desfavorábeis polo impacto negativo no patrimonio natural e en especies protexidas. Un dos argumentos clave para esta avaliación foi que “neste momento están en estudo distintos espazos ben conservados que reúnen importantes valores ambientais pola presenza de turbeiras e hábitats asociados insuficientemente representados na Rede galega de espazos naturais. En dito estudo, ademais da cartografía detallada dos hábitats, están presentes cuestións como a conectividade das especies e o mantemento das condicións dos equilibrios hídricos, fundamentais neste tipo de formacións vexetais.

Doutra banda, esta a tramitarse actualmente un volume importante de proxectos de desenvolvemento eólico que se superpoñen con estes espazos e que se amosan incompatibles coa conservación dos valores naturais presentes neles, o que representa un factor de perturbación que ameaza de modo significativo o seu estado de conservación e as obrigas de conservación que debe atender a Xunta de Galicia.

En consecuencia, en aplicación do artigo 46.1 da Lei 5/2029 de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, **procede informar negativamente a instalación de aeroxeradores e subestacións na devanditas zonas**, así como o resto de infraestruturas asociadas”.

En consecuencia con este informe, referido ao parque eólico Coto das Airas e reiterado nos mesmos termos para o parque eólico Carballoso, o goberno galego debe aplicar o procedemento previsto nos artigos 45 e 46 da lei 5/2019.

E tendo en conta dos demais valores patrimoniais, socioculturais e humanos da serra do Suído, debe impulsar, en coordinación cos concellos e co tecido social da contorna, un conxunto de medidas de conservación, de recuperación e dinamización.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego establecer o réxime de protección cautelar e preventiva previsto na lei 5/2019, coa finalidade de evitar o risco de destrución irreversible de especies e hábitats de interese comunitario e de interese prioritario presentes na serra do Suído?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 13/04/2023 13:29:42

Noa Presas Bergantiños na data 13/04/2023 13:29:48

María Montserrat Prado Cores na data 13/04/2023 13:29:59





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Antes da chegada das casas niño, as familias que vivían en concellos pouco poboados tiñan menos posibilidades para conciliar a súa vida laboral e familiar. Hoxe xa non é así. Sete anos despois da posta en marcha dos primeiros centros:

- Galicia conta con 95 casas niño en funcionamento, que ofrecen 475 prazas de atención a nenos de 0 a 3 anos totalmente gratuítas para as súas familias.
- E remataremos este ano superando o centenar destes centros, pois está en marcha unha nova convocatoria para a creación de 10 novas casas niño con 50 novas prazas en concellos nos que non existen escolas infantís.

A Xunta de Galicia seguirá por este camiño, impulsando máis servizos de conciliación por toda Galicia para que as familias teñan un destes recursos ao carón das súas casas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que balance fai a Xunta de Galicia sete anos despois da posta en marcha das casas niño?





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2023 13:55:23
Nº Rexistro: 52744
Data envío: 13/04/2023 13:55:23.797

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2023

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 13/04/2023 13:49:17

José Alberto Pazos Couñago na data 13/04/2023 13:49:33

María Corina Porro Martínez na data 13/04/2023 13:49:46

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/04/2023 13:49:57

Noelia Pérez López na data 13/04/2023 13:50:10

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 13/04/2023 13:50:24

López Sánchez, Rosalía na data 13/04/2023 13:50:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-otAsgZM6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Medidas como a gratuidade das escolas infantís ou as casas niño son un exemplo de como Galicia conseguiu converterse nunha Comunidade de referencia en materia de conciliación nos últimos anos, pero non son as únicas.

Hoxe as familias galegas teñen máis recursos que nunca para o coidado dos seus fillos con axudas directas como o Bono coidado. Esta axuda pode chegar ata os 500 euros e permite ás familias con fillos de ata 12 anos de idade contratar en momentos puntuais a unha persoa coidadora ou servizos de conciliación durante as vacacións escolares ou por situacións imprevistas o resto do ano.

Arredor de 5.000 familias beneficiáronse no último ano do Bono coidado, cinco veces máis que na anterior convocatoria, e aténdense ao 100% das solicitudes. Isto é posible porque a Xunta de Galicia reforzou este programa dotándoo de máis dun millón de euros de orzamento para que ningunha familia se quedase sen esta axuda.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que vai a supor para as familias este reforzo do Bono Coidado?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2023

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2023 13:55:52
Nº Rexistro: 52746
Data envío: 13/04/2023 13:55:52.031

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 13/04/2023 13:52:57

José Alberto Pazos Couñago na data 13/04/2023 13:53:13

María Corina Porro Martínez na data 13/04/2023 13:53:25

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/04/2023 13:53:39

Noelia Pérez López na data 13/04/2023 13:53:52

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 13/04/2023 13:54:05

López Sánchez, Rosalía na data 13/04/2023 13:54:16

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-otArsgZM6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de crear unha Unidade de Muller e Saúde para impulsar unha estratexia integral para a atención á saúde das mulleres.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Foi nos anos 60 cando o movemento feminista empezou a mostrar o nesgo de xénero na atención sanitaria das mulleres, a pesares de que se ten mellorado algo en canto ao estudo de homes e mulleres en medicina, en moitos aspectos apenas se ten avanzado.

50 anos despois, na sanidade sigue sendo maioritario o modelo androcéntrico de atención, que toma de referencia ao home, o comportamento do corpo masculino no diagnóstico, na abordaxe terapéutica e na investigación. A pesares de que hai evidencia e confirmación das carencias, dos déficits denunciados.

Esa evidencia fai precisa a abordaxe das actuacións que ten que desenvolver o sistema sanitario para garantir o dereito á saúde das mulleres con calidade, eficacia e equidade. Unha abordaxe que contemple os múltiples factores que determinan a nosa saúde e que incorpore á análise a perspectiva de xénero.

A evidencia demóstranos que moitas enfermidades preséntanse con maior frecuencia entre as mulleres, como as enfermidades reumatolóxicas ou as autoinmunes; outras maniféstanse de forma diferente, como a cardiopatía isquémica, unha mesma enfermidade poden presentar síntomas distintos, poden responder diferencialmente aos tratamentos ou ter consecuencias distintas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non ter todo isto en conta pode significar que os síntomas non sexan recoñecidos nin polas mulleres nin por profesionais, e dar lugar a infradiagnósticos, diagnósticos tardíos ou inexactos en mulleres porque non responden ao patrón tipo.

Consideramos necesario modificar o modelo sanitario, revisar as políticas sanitarias para dotalas de equidade de xénero. Poñer en marcha unha estratexia para a atención integral da saúde das Mulleres. Para facer visíbeis as diferenzas en saúde e eliminar as desigualdades nas prestacións, como ferramenta de intervención e planificación, con actuacións a desenvolver no conxunto do sistema sanitario.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta que as mulleres en Galiza teñen unha atención integral á súa saúde?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 13/04/2023 14:10:50

Iria Carreira Pazos na data 13/04/2023 14:11:04

Olalla Rodil Fernández na data 13/04/2023 14:11:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias, Rosana Pérez Fernández e Alexandra Fernández Gómez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación das instalacións do centro do IEO en Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un informe externo constatou a existencia de importantes deficiencias na estrutura do Centro Oceanográfico de Vigo recomendando, entre outras accións, a derriba da planta de cultivos.

O mal estado das instalacións non é algo novo, pois tanto as persoas traballadoras como distintos colectivos, incluído o Bloque Nacionalista Galego, fixéronse eco da total falta de mantemento e o nulo investimento na súa actualización e mellora. De feito, o BNG presentou senllas emendas aos orzamentos do Estado para a adecuada dotación orzamentaria ao Centro.

Tras o total colapso económico e institucional, o Goberno optou pola integración do IEO no CSIC pero isto non supuxo un investimento adecuado para a recuperación e posta a punto operativa das instalacións que as fagan adecuadas á súa finalidade. O CSIC segue aprazando as melloras mentres se agrava a deterioración dun inmovble inaugurado 1986 á beira do mar.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tras este anuncio a única medida anunciada de forma inmediata é acometer a evacuación desa planta de cultivos especialmente afectada, que pasarán a instalacións da UVigo. Con todo descoñécense que outras accións levarán a cabo finalmente e con que prazos, o que é seguro é que deben ser obras de gran entidade e que durarán bastante tempo.

Este centro realiza estudos científicos de gran calidade, en solitario ou xunto a outras institucións como o IIM-CSIC, a UVigo, o Cetmar ou estaleiros. Este traballo fai do centro de Vigo unha referencia en investigación mariña a nivel europeo.

A falta de instalacións adecuadas pode poñer en risco o mantemento de actividades e estudos agora en curso, sendo os cultivos uno dá as materias de excelencia do centro. Foi na planta de cultivos que agora parece necesario demoler por falta de mantemento onde se deron os primeiros estudos para o cultivo ou o coñecemento sobre especies como o rodaballo, o ollomol, o linguado, o polbo, a sardiña ou a cherna e que logo se transferiron ao sector mar-industria. Esta íntima relación co sector pesqueiro e industrial é algo a protexer, manter e potenciar, non podendo tolerarse que se poña en risco por unhas deficientes instalacións.

A iniciativa do BNG o Parlamento de Galicia xa ten aprobado por unanimidade “Emprender de xeito inmediato a comunicación e as xestións precisas co Goberno do Estado para iniciar o procedemento para o traspaso de competencias da totalidade da xestión económico administrativa dos centros do Instituto Español de Oceanografía en Galiza para que pasen a formar parte da estrutura da propia Xunta”, traspaso que a día de hoxe aínda non se ten comezado e que sería fundamental para garantir a continuidade da importante labor científica que o Centro Oceanográfico de Vigo leva desenvolvido no ámbito pesqueiro e acuícola ao longo dos anos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O de Vigo é o centro de maior tamaño de todos os do estado, nel traballan máis de 120 persoas que teñen desenvolvido un gran esforzo investigador, e en sinerxía co de A Coruña e cos centros oceanográficos de Portugal, traballan man a man co sector pesqueiro e acuícola galego garantindo unha pesca sostible e situando ao sector do mar como un sector estratéxico para a economía e o emprego en Galiza.

Por isto é urxente reverter a degradación das instalacións do centro do IEO en Vigo demandando, no inmediato, unha actuación urxente con orzamento suficiente por parte do Goberno do Estado que garanta a seguridade do persoal traballador, así como a continuidade das investigacións que se están levando a cabo no centro.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ante o graves deterioro dos edificios do Centro Oceanográfico de Galicia, que accións ten levado a cabo o Goberno Galego para demandar do Goberno do Estado que dote á sede do IEO en Vigo dos medios materiais e humanos precisos para que continúe desenvolvendo a actividade investigadoras de alta calidade e excelencia que se ven desenvolvendo neste centro?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2023

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Rosana Pérez Fernández

Alexandra Fernández Gómez





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 13/04/2023 16:19:52

Rosana Pérez Fernández na data 13/04/2023 16:19:57

Alexandra Fernández Gómez na data 13/04/2023 16:20:13



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O pasado 30 de marzo tivo entrada no Parlamento de Galicia a execución orzamentaria da Administración autonómica correspondente ao exercicio 2022. Como en exercicios anteriores, chama a atención a baixa execución de determinados programas, como a partida orzamentaria 712A-Fixación de poboación no medio rural, que no orzamento inicial da Xunta de Galicia tiña consignados 47.854.000 de euros, que foron minguados ata os 35.435.000 euros, e executando 26.854.000 euros, é dicir, un 75,8 % respecto aos créditos vixentes e o 56,1 % dos créditos iniciais.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre a baixa execución desta partida?

Parlamento de Galicia, 13 de abril de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data **13/04/2023 17:41:51**

Gonzalo Caballero Míguez na data **13/04/2023 17:42:10**



Á MESA DO PARLAMENTO

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Goberno galego na anterior lexislatura deixou sen executar 163 millóns de euros na partida orzamentaria de I+D+i, no programa 561A.

No ano 2021 a Xunta de Galicia só executou o 55 % do programa 561A sobre o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica. Volvendo a non executar os orzamentos outro ano máis, quedando o 45 % do orzamento sen executar, 80 millóns de euros.

No ano 2022 o Goberno autonómico no programa 561A sobre o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica só executou o 47 % do orzamento para I+D+i. Outro ano máis que non se executan os orzamentos neste programa, quedando o 53 % do orzamento sen executar, e a maiores, dos 197 millóns orzamentados inicialmente no programa 561A baixaron o orzamento en 58 millóns neste programa.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Cales son os motivos polos que a Xunta de Galicia só executou o 47 % dos orzamentos de 2022 no programa 561A sobre o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica?

Parlamento de Galicia, 13 de abril de 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2023 18:19:14
Nº Rexistro: 52769
Data envío: 13/04/2023 18:19:14.625

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 13/04/2023 12:29:13

Martín Seco García na data 13/04/2023 12:29:26

CSV: BOPGDSPG-otArsgZM6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
190107

@PSdeG





A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marisol Díaz Mouteira, José Luis Ferro Iglesias, Elena Suárez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, Felisa Rodríguez Carrera, Moisés Rodríguez Pérez, Begoña Freire Vázquez e Rosalía López Sánchez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

A Xunta de Galicia, a través da resolución do 14 de maio de 2021, incoa o procedemento para declarar ben de interese cultural a Casa Cornide na Coruña.

Con este acto, desde o momento da publicación no DOG, aplícase de forma inmediata e provisoria o réxime de protección que establece a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia para os bens de interese cultural e para monumentos en particular.

A Xunta de Galicia foi a única administración que realizou un acto administrativo para garantir a máxima protección deste ben. O concello de Coruña, a pesar dos reiterados anuncios en medios de comunicación, non faltou ao seu compromiso e non acudiu á vía xudicial.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Como valora a Xunta de Galicia as xestións realizadas á redor da Casa Cornide para garantir a súa protección?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2023

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 12/04/2023 13:51:18

María Sol Díaz Mouteira na data 12/04/2023 13:51:34

José Luis Ferro Iglesias na data 12/04/2023 13:51:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2023 13:54:35
Nº Rexistro: 52669
Data envío: 12/04/2023 13:54:35.109

María Elena Suárez Sarmiento na data 12/04/2023 13:51:57

Gómez Salgado, Carlos na data 12/04/2023 13:52:10

María Felisa Rodríguez Carrera na data 12/04/2023 13:52:20

Rodríguez Pérez, Moisés na data 12/04/2023 13:52:32

Freire Vázquez, María Begoña na data 12/04/2023 13:52:43

López Sánchez, Rosalía na data 12/04/2023 13:52:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-otAsgZM6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento,

Borja Vera Fraiz, Noelia Pérez López, Marisol Díaz Mouteira, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez e Sandra Vázquez Domínguez deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de ter unha posición dun sector de vital importancia como é o turismo termal na nosa comunidade.

O pasado 24 de febreiro do 2023, publicouse no DOG (nº39) o DECRETO 16/2023, do 16 de febreiro, polo que se modifican os estatutos da Axencia de Turismo de Galicia para a creación da Área de Turismo Termal con sede en Ourense.

Galicia é a primeira potencia termal de España, en gran parte grazas a Ourense que é a segunda cidade europea con máis fontes termais, de aí a localización da Área de Turismo termal.

Con esta nova área, potenciarase o valor turístico dos recursos naturais e culturais vinculados ao termalismo en Galicia, estruturando a oferta, os recursos e os servizos de tal xeito que conduzan ao impulso de Galicia como destino termal.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

-Como cree que pode mellorar o termalismo galego ca posta en funcionamento da área de turismo termal en Ourense?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Santiago de Compostela, 12 abril 2023.

Asinado dixitalmente por:

Borja Vereza Fraiz na data 12/04/2023 14:07:11

Noelia Pérez López na data 12/04/2023 14:07:45

María Sol Díaz Mouteira na data 12/04/2023 14:08:07

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 12/04/2023 14:08:25

Marta Nóvoa Iglesias na data 12/04/2023 14:08:36

Cristina Sanz Arias na data 12/04/2023 14:08:56

José Antonio Armada Pérez na data 12/04/2023 14:09:20

Pardo López, Adrián na data 12/04/2023 14:09:47

Rodríguez Pérez, Moisés na data 12/04/2023 14:10:07

Sandra Vázquez Domínguez na data 12/04/2023 14:10:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento,

Begoña Freire Vázquez, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Jose Manuel Balseiro Orol, Jose Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez e Maria Belén Salido Maroño deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polo impacto que a futura lei estatal terá no mercado da vivenda en Galicia

O Goberno de España leva anos coa tramitación da Lei estatal de vivenda, e nos últimos días tense anunciado por parte de ERC e Bildu o desbloqueio do proxecto, en trámite no Congreso dos Deputados.

Un texto normativo que se iniciou sen consenso nin consulta previa coas distintas Comunidades Autónomas, e concretamente con Galicia, e que como xa advertira o Consello Xeral do Poder Xudicial, invade as competencias autonómicas, toda vez a vivenda é unha materia de exclusiva titularidade autonómica.

A futura Lei e os cambios introducidos na últimas horas, veñen a remarcar o carácter intervencionista da normativa, regulando cuestións como as zonas tensionadas, a limitación do prezo do alugueiro mensual, os recargos no IBI nas vivendas baleiras, e mesmo amparando a ocupación como unha forma de acceso ao parque residencial de vivenda.

Despois dos recentes anuncios do desbloqueio do proxecto de lei grazas ao apoio de ERC e Bildu, todos os sectores e axentes relacionados coa vivenda veñen a coincidir e advirten que a lei lonxe de solucionar o problema do alugueiro, o empeorará, restrinxindo a oferta de vivenda e encarecendo os prezos, como así ten acontecido nas experiencias onde se puxeron en marcha este tipo de medidas.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





O Goberno galego xa mostrara a súa preocupación por unha lei estatal que invade competencias autonómicas, e pola incidencia que terá sobre as políticas de vivenda nas distintas comunidades autónomas, ademais de que a futura lei non orienta medidas a facilitar o acceso a un fogar da cidadanía.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

- Que valoración fai o Goberno galego en relación coa futura Lei estatal de vivenda despois do desbloqueo na súa tramitación anunciado por ERC e Bildu ?

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2023

Asinado dixitalmente por:

Freire Vázquez, María Begoña na data 17/04/2023 14:07:52

Carmen María Pomar Tojo na data 17/04/2023 14:08:14

Ramón Carballo Páez na data 17/04/2023 14:08:30

José Manuel Balseiro Orol na data 17/04/2023 14:08:43

José Luis Ferro Iglesias na data 17/04/2023 14:08:59

Rubén Lorenzo Gómez na data 17/04/2023 14:09:12

María Belén Salido Maroño na data 17/04/2023 14:09:28





Á Mesa do Parlamento,

Jose Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Jose Luis Ferro Iglesias, Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e Maria Belén Salido Maroño deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer a postura do Goberno galego sobre a catalogación que fai o Goberno de España da AP-53

É un feito que a AP-53 é unha das autoestradas máis caras de España. Unha circunstancia que o Goberno central non está disposto a variar a tenor da súa negativa categórica a rebaixar as peaxes, pese a ser esta unha reivindicación constante desde todos os ámbitos, político, empresarial e social.

Se xa resulta sorprendente que o Goberno de España prive aos usuarios do tramo Santiago-Dozón de beneficiarse de bonificacións semellantes ás que se están a aplicar na AP-9, máis o é aínda as razóns que alega para elo.

O executivo que presidente Pedro Sánchez non ve interese público na autoestrada Santiago-Ourense porque considera que esta infraestrutura viaria non vertebra o interior de Galicia e, por tanto, a súa funcionalidade non é comparable á da autopista do Atlántico.

Ante esta situación, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta en Pleno:

- Que valoración fai o Goberno galego das razóns que alega o Goberno central para rexeitar aplicar bonificacións na AP-53?

Santiago de Compostela, a 17 de abril de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 17/04/2023 16:22:15

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/04/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 52832
Data envío: 17/04/2023 16:24:48.475

Carmen María Pomar Tojo na data 17/04/2023 16:22:42

Ramón Carballo Páez na data 17/04/2023 16:22:53

José Luis Ferro Iglesias na data 17/04/2023 16:23:16

Freire Vázquez, María Begoña na data 17/04/2023 16:23:30

Rubén Lorenzo Gómez na data 17/04/2023 16:23:42

María Belén Salido Maroño na data 17/04/2023 16:23:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-otAsgZM6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola gravidade dos feitos ocorridos o pasado xoves, día 13 de abril, no transcurso da mobilización dos mexilloeiros en Santiago de Compostela.

Exposición de motivos

Os numerosos pasos erráticos que vén dando a Consellería do Mar nos últimos tres anos respecto da lexislación e a consecuente actividade de extracción de semente de mexillón no medio natural só conseguiron unha intensificación do conflito entre mexilloeiros e percebeiros e afastar cada vez máis as posturas entre as dúas partes para poder chegar a puntos comúns e seguir convivindo nas rías galegas.

Nas últimas semanas, e en claro desacordo coas decisións da Xunta de Galiza, os dous sectores veñen levando a cabo mobilizacións sen que ata o de agora a Consellería do Mar fose quen de volvelos a convocar e tratar de chegar a acordos entre eles e moito menos para remover unha normativa que é o punto principal da actual situación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os incidentes ocorridos o pasado xoves, 13 de abril, en Santiago de Compostela, no transcurso da mobilización que estaba a levar a cabo o sector mexilloeiro deberan ser un punto de inflexión e a Consellería do Mar debera ser a primeira en reaccionar e en convocar ás partes.

No entanto, a día de hoxe só foi quen de seguir a “tender a man”, mais sen concretar nin unha soa actuación que permita verificar esa aparente vontade de poñer solución a un conflito que xa se alonga no tempo e que medra máis cada día.

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que actuacións vai levar a cabo o Goberno galego para dar solución ao conflito que se está a vivir entre mexilloeiros e percebeiros por mor da extracción da semente de mexillón no medio natural?

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
Deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 17/04/2023 16:41:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polo grave deterioro da sanidade pública na comarca da Barbanza e a preocupación que xera unha desatención cada vez maior nos centros de saúde da mesma, así como a falta de solucións por parte da Xunta de Galiza.

Exposición de motivos

A falta de actuacións do Goberno galego para mellorar a atención nos centros de saúde do país vén sendo a tónica xeral nos últimos anos, nomeadamente dende o 2020.

A situación dos centros de saúde da comarca da Barbanza xa foi obxecto de debate parlamentar en varias ocasións. En moitas delas, o Grupo Parlamentario Popular votou en contra das propostas da oposición e, noutros casos, tomáronse acordos unánimes que, na práctica, nunca se viron efectivizados por parte da Consellería de Sanidade.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste momento:

-Os consultorios periféricos de Taragoña e Cabo de Cruz continúan pechados após a pandemia.

-Xa non é só o centro periférico de Palmeira o que mantén os seus servizos baixo mínimos e cun médico a tempo parcial. Agora súmaselle tamén o de Corrubedo, cuxos veciños e veciñas manteñen as mobilizacións de protesta semanais dende o mes de novembro sen que, ata o de agora, a Consellería de Sanidade os escoitase.

-O cadro de persoal nunca está completo en ningún dos centros de saúde da comarca dende hai anos e en moitos casos permanecen longas tempadas co 50% ou menos. Os profesionais alongan a súa xornada e atenden en moitas ocasións a un número de pacientes que dobra o que lle corresponde.

-A falta de especialistas en pediatría é clamorosa. Ningún dos centros ten os que lle pertencen. A consecuencia é a “peregrinación” á que se somete ás nenas e nenos e aos seus pais por toda a comarca e incluso por fóra dela, como no caso de Rianxo.

-A vella demanda de ampliación do horario do servizo de urxencias (PAC) de Rianxo segue sen contemplarse.

En definitiva, un cúmulo de factores que en moitos casos levan anos agardando a ser resoltas ou, cando menos, a que se poñan en práctica as medidas necesarias para paliar a gravidade da situación actual. No entanto, non só non é





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

así senón que ademais son causa tamén de empeoramento e de saturación das urxencias do hospital da Barbanza, a onde acoden moitas das persoas que non atopan atención acaída no seu centro de saúde.

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que actuacións inmediatas ten pensado levar a cabo o Goberno galego para cubrir as ausencias do persoal sanitario, facultativo ou non, e nomeadamente de especialistas de pediatría, que se veñen dando dende hai anos nos centros da comarca da Barbanza?

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 17/04/2023 17:26:17



Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Torrado Quintela, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **pregunta urxente** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia: A urxencia vén dada polos recentes anuncios e cambios de posición da Consellería do Mar e a incerteza creada nos sectores afectados que precisan dunha posición urxente do Parlamento de Galicia sobre esta cuestión.

Bateiros e percebeiros levan décadas convivindo en torno ás súas tarefas nas rochas, nas que comparten espazo para a extracción de mexilla e percebe. A pesares de calquera situación que puidera ter sucedido, durante estas décadas ambos colectivos foron desenvolvendo o seu labor e resolvendo calquera escenario que se puido dar.

Ambos sectores afrontan retos de importancia de cara ao futuro, que pivotan sobre a necesidade de manter ou aumentar a produción de cadanseu produto, e soste un nivel de calidade que é recoñecido internacionalmente. Mexillón e percebe son identidade de Galicia e así debe seguir sendo.

No entanto, a entrada no escenario da Consellería de Mar con moito ímpeto e pouco tino provocou un nivel de conflitividade inusitado, que vai en claro e progresivo aumento nos últimos tempos e que xa provocou algunhas escenas de tensión que deben ser evitadas, con enfrontamentos entre colectivos, protestas de todos os sectores afectados ante o Goberno de Galicia e algún enfrontamento coa policía que provocou innecesarios danos que poderían ter sido evitados.

A ausencia de datos actualizados para analizar o problema, a negativa da Consellería do Mar de dar participación na toma de decisións aos colectivos afectados, o veto a que estes colectivos participen de posibles accións de observación e análise da situación das rochas para compartir a realidade existente e o desleixo do Goberno de Galicia á hora de atender a propostas de entendemento sobre vixilancia, control e seguimento dos produtos que se fan dende os distintos sectores provocou que todos os axentes implicados estean preocupados pola acción do goberno. Pola súa banda, dende o Goberno da Xunta de Galicia véñense tomando decisións erráticas e cambiantes cada poucos días, amosando que se perdeu o control da situación e que dende a Consellería do Mar resulta imposible ter a credibilidade e influencia necesaria para conseguir reorientar a situación cara a camiños de resolución baseados no consenso, o diálogo e o entendemento.

Por iso, o deputado que asina, formula a seguinte pregunta:

Como pretende o Goberno de Galicia resolver o conflito que creou a propia Consellería do Mar acerca da extracción da mexilla?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/04/2023 17:58:20
Nº Rexistro: 52852
Data envío: 17/04/2023 17:58:20.116

Parlamento de Galicia, 17 de abril de 2023

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 17/04/2023 16:44:35

CSV: BOPGDSPG-otArsgZM6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>




Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
190123

@PSdeG





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

